

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

14368 *Real decreto lei 34/2020, do 17 de novembro, de medidas urxentes de apoio á solvencia empresarial e ao sector enerxético, e en materia tributaria.*

I

A crise sanitaria provocada pola COVID-19 cambiou por completo o escenario económico mundial. As medidas de distanciamento físico e as limitacións á mobilidade, necesarias e efectivas para controlar a transmisión do virus, están tendo un enorme impacto na actividade produtiva, cunha redución moi significativa nos ingresos percibidos por empresas e autónomos. Esta situación incrementou as necesidades de liquidez de autónomos e empresas, que foron cubertas, en gran medida, grazas ás liñas de avais postas á súa disposición polo Goberno de España que, segundo diversos organismos internacionais, están entre as máis exitosas da Unión Europea.

En efecto, desde o inicio da crise adoptáronse medidas enfocadas a resolver os problemas de liquidez de empresas e autónomos, primeiro, e a apoiar as súas decisións de investimento, mediante a nova liña de avais de investimento, e a súa solvencia, mediante a creación do Fondo de Apoio á Solvencia de Empresas Estratéxicas, máis recentemente. Con este real decreto lei incídese na liña de apoiar a solvencia das empresas perante a prolongación dos efectos da crise mediante a adopción de medidas no ámbito financeiro e concursal.

O prazo establecido nun principio para a concesión deses avais finalizaba o 31 de decembro de 2020, de acordo co establecido inicialmente na normativa da Unión Europea en materia de axudas de Estado. No entanto, na cuarta emenda do Marco temporal de axudas de Estado, a Unión Europea ampliou o prazo de dispoñibilidade dos avais liberados ao seu abeiro ata o 30 de xuño de 2021. A evolución da pandemia levou ao establecemento dun novo estado de alarma que se estende máis aló de 2020 e a medidas restritivas da actividade, tanto en España como noutros países europeos, que estenden a situación excepcional para a toma de decisións empresariais. Neste contexto, resulta oportuno aliar a regulación española con este novo prazo. En consecuencia, mediante este real decreto lei, establécese a mesma data do 30 de xuño de 2021 como límite para a concesión de avais públicos, para atender as necesidades de liquidez de autónomos e empresas, modificando así o previsto nos artigos 29 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, e artigo 1 do Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo.

Ademais, para reforzar as medidas de apoio á liquidez e a solvencia e ampliar o seu alcance, este real decreto lei establece que se poderán beneficiar dos avais as obrigas de pagamento incorporadas ao mercado alternativo de renda fixa (MARF), como xa fixo o Real decreto lei 15/2020, do 21 de abril, respecto da liña de avais recollida no Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo. Desta forma, foméntase o mantemento das fontes de financiamento proporcionadas polos mercados de capitais e non só a través das canles bancarias tradicionais. Neste caso, ao igual que nos anteriores, as condicións dos avais estableceranse mediante acordo do Consello de Ministros.

Por outro lado, para fomentar o acceso ao financiamento de empresas e autónomos e evitar que eventuais tensións de liquidez se transformen en problemas de solvencia, este real decreto lei prevé que os debedores que gocen dun préstamo con aval público outorgado ao abeiro do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, poidan solicitar a ampliación do seu vencemento, que irá acompañado dunha extensión polo mesmo prazo do aval público. Deste modo, as entidades financeiras deberán ampliar ata en tres anos adicionais o prazo máximo dos préstamos avalados para aqueles debedores que cumpran unha serie de requisitos e o soliciten. Os préstamos desta mesma liña que se poden conceder no futuro verán tamén aumentado o prazo máximo ata 8 anos, nas condicións que estableza o

correspondente acordo do Consello de Ministros. Os avais que se concedan no marco da liña de 40.000 millóns de euros, aprobada polo Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo, xa poden alcanzar un vencemento máximo de 8 anos.

Tamén se prevé a posibilidade de que os clientes que cumpran cos requisitos de elixibilidade marcados neste real decreto lei obteñan a extensión do período de carencia sobre o pagamento de principal do préstamo avalado por un máximo de 12 meses, establecéndose así un máximo de carencia total de 24 meses. Esta medida resultará de aplicación tanto para os préstamos con aval liberado ao abeiro do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, como para os outorgados sobre a base do Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo.

Por último, establécese a obrigaçión de que as entidades financeiras manteñan os límites das liñas de circulante ata o 30 de xuño de 2021, para todos aqueles clientes que cumpran cos requisitos de elixibilidade e gocen dun préstamo avalado, tanto ao abeiro do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, como do Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo.

Co fin de minimizar os custos derivados desta extensión, este real decreto lei prevé unha rebaixa dos aranceis notariais e rexistrals, nos casos en que estes teñan que ser satisfeitos para a novación, o aprazamento, a inscrición ou a elevación a público ou intervención das operacións correspondentes.

Finalmente, introdúcese a posibilidade de que o Instituto de Crédito Oficial poida solicitar directamente información á Central de Información de Riscos do Banco de España, co obxectivo de axilizar os trámites relativos á comprobación dos impagados na Central de Información de Riscos que lle sexan comunicados polas entidades financeiras outorgantes dos préstamos relacionados coas liñas de avais COVID-19.

Por outra parte, para potenciar o acceso ao capital das pemes estímase conveniente introducir medidas que incentiven o desenvolvemento dos mercados de financiamento alternativo e, en particular, dos mercados de PEME en expansión, para garantir un adecuado acceso aos recursos financeiros non bancarios.

Con este obxecto modifícase o texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro, e elévase o limiar de capitalización a partir do cal unha empresa está obrigada a solicitar que a negociación das súas accións pase de realizarse exclusivamente nun mercado PEME en expansión a realizarse nun mercado regulado. Considérase que este incremento estimulará a profundidade e liquidez dos mercados PEME en expansión e aumentará o seu atractivo, o cal redundará en maiores recursos para estas empresas e contribuirá a fomentar a variedade de fontes de financiamento á súa disposición.

Pola súa vez, a crise sanitaria da COVID-19 pode supor que moitas empresas españolas sufran unha caída dos seus ingresos que dea lugar, con carácter transitorio, como consecuencia da situación excepcional, ao cumprimento das condicións que normalmente reflicten unha situación de insolvencia e levarían a entrar nalgunha das causas que exixirían solicitar a declaración de concurso de acredores. A aplicación xeneralizada destes requisitos nun contexto excepcional e transitorio, que non reflicte a situación patrimonial das empresas, podería desencadear un proceso de paralización da actividade económica con potencial impacto negativo sobre a estabilidade financeira.

Neste contexto, viuse necesaria a aprobación dunha serie de medidas no ámbito da Administración de xustiza, aprobadas, primeiro, no marco do Real decreto lei 16/2020, do 28 de abril, de medidas procesuais e organizativas para facer fronte á COVID-19 no ámbito da Administración de xustiza, e posteriormente, tras a tramitación parlamentaria, confirmadas coa aprobación da Lei 3/2020, do 18 de setembro, de medidas procesuais e organizativas para facer fronte á COVID-19 no ámbito da Administración de xustiza.

Estas normas introduciron unha serie de medidas que resultaron fundamentais desde un punto de vista procesual e de protección das empresas e da economía en xeral. As medidas adoptadas no ámbito concursal e societario conseguiron evitar declaracións de concurso ou apertura da fase de liquidación respecto de empresas que poderían ser viables en condicións xerais de mercado (valor en funcionamento superior ao valor de liquidación). Iso evitou un posible efecto en cadea, coa conseguinte parálise económica,

restrición de liquidez, destrución de tecido produtivo e de postos de traballo, o que lles permite, en definitiva, ás empresas que poidan refinanciar ou reestruturar a súa débeda, conseguir liquidez e compensar a diminución do seu patrimonio neto, protexendo así unha base para a restauración do equilibrio patrimonial, unha vez que termine a situación excepcional derivada da pandemia, co que se reforzará así a continuidade e solvencia do conxunto do sistema económico e a estabilidade financeira.

Con este real decreto lei prorróganse algunhas das medidas adoptadas pola Lei 3/2020, do 18 de setembro, que se considera necesario conservar co seguinte obxectivo: manter a continuidade económica das empresas, profesionais e autónomos que sofren dificultades económicas derivadas da excepcional situación ocasionada pola pandemia ou que, con anterioridade á crise da COVID-19, viñan cumprindo regularmente as súas obrigacións económicas, así como as derivadas dun convenio, dun acordo extraxudicial de pagamentos ou dun acordo de refinanciamento. Desta maneira, por un lado, amplíase ata o 14 de marzo de 2021 a suspensión do deber de solicitar a declaración do concurso de acredores, así como a obrigaón do xuíz de admitir a trámite as solicitudes de concurso necesario presentadas polos acredores.

Tamén se amplía o alcance temporal das medidas de inadmisión a trámite dunha declaración de incumprimento de acordo de refinanciamento, de convenio ou de acordo extraxudicial de pagamentos, sempre condicionadas á renegociación dun novo acordo ou convenio. Este réxime, que se encontraba vixente para as solicitudes de incumprimento presentadas ata o 31 de outubro, segue aplicándose nos seus mesmos termos. O que establece este real decreto lei é a posibilidade de aplicárllelo ás solicitudes de declaración de incumprimento que se presenten entre o 31 de outubro de 2020 e o 31 de xaneiro de 2021.

Outra cuestión que se quere destacar radica no capítulo V do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19, que nos seus artigos 40 e 41 estableceu unha serie de medidas extraordinarias aplicables ao funcionamento dos órganos de administración e goberno e á convocatoria das xuntas xerais e asembleas das persoas xurídicas de dereito privado, establecendo ao propio tempo medidas extraordinarias aplicables no ámbito das sociedades anónimas cotizadas durante o exercicio 2020.

Algunhas desas medidas extraordinarias estaban asociadas á duración do estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma e as súas prórrogas, ou ben tiñan un prazo de vixencia que terminaba o 31 de decembro de 2020.

A distinta tipoloxía de persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado no noso ordenamento xurídico fixo preciso regular estes aspectos en dous preceptos distintos, os artigos 40 e 41 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, diferenciando, basicamente, o réxime excepcional aplicable ás sociedades anónimas cotizadas (artigo 41) e o réxime do resto de persoas xurídicas de dereito privado (artigo 40).

Como se sinalou anteriormente, a situación actual da crise sanitaria da COVID-19 e a declaración dun novo estado de alarma polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prorrogado polo Congreso dos Deputados ata o día 9 de maio de 2021 –ben que cun alcance diferente do declarado no mes de marzo pasado–, xunto coas decisións adoptadas en numerosas comunidades autónomas e outros países europeos, fai necesario ampliar a duración dalgunha das medidas excepcionais adoptadas polo Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo.

En particular, considérase imprescindible que todas as sociedades de capital reguladas no texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, e o resto de persoas xurídicas de dereito privado (sociedades civís, sociedades cooperativas e asociacións) que non puidesen modificar os seus estatutos sociais para permitir a celebración da xunta xeral ou asembleas de asociados ou de socios por medios telemáticos, poidan seguir utilizando estes medios durante o exercicio 2021, o que garante así os dereitos dos asociados ou socios minoritarios que non puideren desprazarse fisicamente ata o lugar de celebración da xunta ou a asemblea. Mantense o requisito de que o secretario recoñeza a identidade dos socios ou asociados, e así o

expresen na acta e, no caso das sociedades anónimas cotizadas, continúaase permitindo a celebración da xunta xeral en calquera lugar do territorio nacional. Igualmente, e polas mesmas razóns, prorrógase, para o ano 2021, a posibilidade de celebrar por medios telemáticos as reunións do padroado das fundacións.

Noutro ámbito de cousas, o impacto da crise global desencadeada pola COVID-19 fai necesario protexer os sectores estratéxicos da nosa economía. Esta situación motivou a modificación da Lei 19/2003, do 4 de xullo, sobre réxime xurídico dos movementos de capitais e das transaccións económicas co exterior, engadindo un novo artigo 7 bis de suspensión do réxime de liberalización de determinados investimentos estranxeiros directos en España. Posto que a situación provocada pola COVID-19 se mantén, a través da disposición transitoria única establécese un réxime transitorio, ata o 30 de xuño de 2021, polo que o réxime de suspensión de liberalización de determinados investimentos estranxeiros directos regulado nos puntos 2 e 5 do citado artigo 7 bis se aplicará tamén aos investimentos estranxeiros directos sobre empresas cotizadas en España, ou sobre empresas non cotizadas, se o valor do investimento supera os 500 millóns de euros, realizados por residentes doutros países da Unión Europea e da Asociación Europea de Libre Comercio. Para estes efectos, consideraranse sociedades cotizadas en España aquelas cuxas accións estean, en todo ou en parte, admitidas a negociación nun mercado secundario oficial español e teñan o seu domicilio social en España.

Para efectos deste réxime transitorio, entenderanse por investimentos estranxeiros directos aqueles investimentos como consecuencia dos cales o investidor pase a ter unha participación igual ou superior ao 10 por 100 do capital social da sociedade española, ou cando, como consecuencia da operación societaria, acto ou negocio xurídico, se adquira o control da dita sociedade no sentido do artigo 7.2 da Lei 15/2007, de defensa da competencia, tanto se o realizan residentes de países da Unión Europea e da Asociación Europea de Libre Comercio diferentes a España como se o realizan residentes en España cuxa titularidade real corresponda a residentes doutros países da Unión Europea e da Asociación Europea de Libre Comercio. Entenderase que existe esa titularidade real cando estes últimos posúan ou controlen, en último termo, directa ou indirectamente, unha porcentaxe superior ao 25% do capital ou dos dereitos de voto do investidor ou cando, por outros medios, exerzan o control, directo ou indirecto, do investidor.

Adicionalmente, a través da disposición derradeira cuarta, modifícase o artigo 7 bis da Lei 19/2003, do 4 de xullo, sobre réxime xurídico dos movementos de capitais e das transaccións económicas co exterior, para axustar cuestións procedementais e clarificar as definicións de sectores que se ven afectados pola suspensión do réxime de liberalización dos investimentos estranxeiros directos en España.

Por outra parte, a reforma da letra a) do punto 1 do artigo 28 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, ten por obxecto garantir a continuidade nas funcións da Comisión Nacional do Mercado de Valores. En concreto, prevéase que, tras a finalización do mandato do presidente, vicepresidente e conselleiros non natos, estes poidan continuar no exercicio das súas funcións ata o nomeamento dos que os sucederán.

Para finalizar, o artigo 25 da Lei 46/1998, de introdución do euro, establece que, a partir do 1 de xullo de 2002, o troco dos billetes e moedas denominados en pesetas por billetes e moedas en euros o levará a cabo exclusivamente o Banco de España, logo do correspondente arredondamento, de conformidade co disposto no artigo 11 desta lei.

Establece, así mesmo, que o período de troco de billetes e moedas de pesetas a euros no Banco de España finalizará o 31 de decembro de 2020, de forma que, despois desta data, non será posible realizar o troco de billetes e moedas de pesetas a euros.

A pesar do tempo transcorrido desde a emisión de billetes e moedas en euros en España, existe aínda un importante número de cidadáns que posúen billetes e moedas en pesetas pendentes de trocar por euros.

A expansión da pandemia e as necesarias medidas de prevención e contención de contaxios alteraron a posibilidade de troco de moitos cidadáns por restricións de mobilidade para acudir ao Banco de España.

Neste momento mantense unha elevada incerteza en relación coa evolución da pandemia e o ritmo a que poida recuperarse a mobilidade completa dos cidadáns para poder realizar as operacións de troco de pesetas antes do 31 de decembro deste ano.

Por estas razóns propónse a extensión do período de troco de billetes por un período de seis meses, de maneira que os cidadáns poidan realizar o troco de billetes e moedas en euros no Banco de España ata o 30 de xuño de 2021.

II

Este real decreto lei incorpora ao noso ordenamento xurídico os cambios lexislativos introducidos pola Directiva (UE) 2019/692 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de abril de 2019, pola que se modifica a Directiva 2009/73/CE sobre normas comúns para o mercado interior de gas natural, co obxecto de reducir os obstáculos á plena realización do mercado interior de gas natural que derivan da inaplicabilidade das normas do mercado da Unión aos gasodutos de transporte con destino ou orixe en países non pertencentes á Unión Europea.

As novidades que se introducen na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, perseguen fundamentalmente, en primeiro lugar, establecer un procedemento que habilite a persoa titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para outorgar, logo de solicitude do interesado, unha exención relativa á separación de propiedade entre as actividades de transporte e comercialización ou produción de gas natural e de acceso regulado e non discriminatorio ás súas instalacións, prevista no artigo 49 bis da directiva aos gasodutos de transporte con orixe en terceiros países non pertencentes á Unión Europea, e que foron finalizados con anterioridade ao 24 de maio de 2019.

Por outra parte, preténdese garantir a posibilidade, para os titulares de gasodutos de interconexión con países non pertencentes á Unión Europea, e que xa se encontran construídos na data de entrada en vigor da directiva, de adoptar un modelo que recolla a figura do xestor independente para a xestión destes.

Por último, régúlase un procedemento de negociación, entre os Estados membros, neste caso, o Reino de España, con terceiros países, respecto das redes de transporte de gas natural, baixo a supervisión da Comisión Europea.

Por outra parte, exceptúanse temporalmente, en virtude do artigo 49 bis da Directiva 2009/73/CE, os gasodutos de transporte con orixe en países non pertencentes á Unión Europea terminados antes do 23 de maio de 2019 e que teñen situado en España o seu primeiro punto de conexión coa rede dun Estado membro, por un período de catorce meses, do cumprimento das condicións relativas á separación de propiedade das actividades de transporte e comercialización, así como do acceso regulado ás instalacións exixidas na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos. Así mesmo, calquera eventual exención de maior duración deberá axustarse ao mecanismo establecido no artigo 71 bis da Lei 34/1998, do 7 de outubro.

Pola súa vez, increméntase o límite máximo das transferencias ao sistema eléctrico provenientes dos ingresos das poxas de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, cos límites do noventa por cento da recadación total e ata un máximo de mil millóns de euros. Tamén se incrementa o límite máximo das transferencias a actuacións de loita contra o cambio climático provenientes dos ingresos das poxas de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, cos límites do dez por cento da recadación total e ata un máximo de cen millóns de euros.

A crise da COVID-19 sobre a demanda e os prezos da electricidade provocou unha redución dos ingresos regulados do sistema eléctrico, tanto os provenientes das peaxes de acceso, directamente proporcionais á potencia contratada e enerxía consumida, como os vinculados á recadación dos tributos creados pola Lei 15/2012, do 27 de decembro, de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética, que dependen directamente da cantidade de electricidade consumida e xerada e do valor da dita enerxía no mercado.

As estimacións actuais de ingresos e custos regulados requiren adoptar medidas tendentes a minimizar as desviacións transitorias dentro do exercicio de 2020, que afectan

a liquidez dos suxeitos de liquidación, así como os eventuais desaxustes temporais no peche deste exercicio, que provocarían unha suba automática das peaxes e cargos, de acordo co artigo 19 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.

Todas estas circunstancias xustifican a necesidade de incrementar o límite máximo das transferencias ao sistema eléctrico provenientes dos ingresos das poxas de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.

Así mesmo, a xustificación do incremento do límite máximo das transferencias a actuacións de loita contra o cambio climático provenientes dos ingresos das poxas de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro encóntrase en que a axenda da transición ecolóxica socialmente xusta require de anticipación para reducir a vulnerabilidade aos impactos e riscos e reducir emisións. No proxecto de lei de cambio climático e transición enerxética establécese o compromiso de alcanzar a neutralidade climática antes do ano 2050. Todos os sectores experimentarán grandes transformacións acompañadas de grandes oportunidades de modernización. Ademais do que se prevé no Plan de recuperación, transformación e resiliencia, existe xa a necesidade de investir nun país máis seguro e menos vulnerable, incentivando medidas de adaptación que reforcen a nosa capacidade de resposta.

Resulta necesario priorizar aquelas accións que axudan a reducir os riscos, ao tempo que diminúen as emisións de gases de efecto invernadoiro, mediante medidas integrais en que se poden obter beneficios nas dúas vertentes da loita contra o cambio climático. Ademais, é necesario apoiar proxectos emblemáticos de demostración de tecnoloxías innovadoras cun potencial significativo para a descarbonización do sector de xeración eléctrica ou da industria, que conduzan a unha transformación real e de profundidade. Todo iso, en liña co pacto verde europeo.

III

En canto ás medidas tributarias, no ámbito do imposto sobre sociedades adáptase a dedución por investimentos en producións estranxeiras de longametraxes cinematográficas ou de obras audiovisuais á Comunicación da Comisión Europea sobre axuda estatal ás obras cinematográficas e outras producións do sector audiovisual. Neste sentido, incorpórase a fase de produción para a aplicación do incentivo nas producións de animación e mantense a aplicación do dito incentivo á execución en España da parte das producións internacionais relacionada cos efectos visuais, sempre que o importe da dita dedución non supere a contía establecida no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*.

Por outra parte, adáptase a liberdade de amortización introducida na disposición adicional décimo sexta da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, pola disposición derradeira cuarta do Real decreto lei 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica, ao Marco nacional temporal relativo ás medidas de axuda destinadas a apoiar a economía no contexto do actual gromo de COVID-19 cuxa última modificación tivo lugar en outubro de 2020. Así, o incentivo aplicarase aos investimentos en elementos novos de inmovilizado material a que se refire a mencionada disposición efectuados e que entren en funcionamento nos períodos impositivos que conclúan entre o 2 de abril de 2020 e o 30 de xuño de 2021.

Así mesmo, adáptase o incremento da dedución en innovación en procesos na cadea de valor da industria do automóbil no imposto sobre sociedades ao disposto no Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do tratado, co cal se introducen así as diferenzas exixidas pola citada norma comunitaria no deseño do incentivo segundo afecte pequenas e medianas empresas ou empresas que non teñan tal consideración.

A extraordinaria e urxente necesidade que constitúe o presuposto habilitante para acudir ao instrumento xurídico do real decreto lei xustifícase, nos tres supostos que afectan

o imposto sobre sociedades, na necesidade de adaptar os preceptos que se modifican á normativa comunitaria citada en cada un deles. En particular, as anteditas modificacións referidas ás producións estranxeiras de longametraxes cinematográficas ou de obras audiovisuais e á dedución en innovación en procesos na cadea de valor da industria do automóbil derivan dos procedementos de comunicación de tales incentivos fiscais á Comisión Europea, realizados no marco do Regulamento (UE) 2015/1589 do Consello, do 13 de xullo de 2015, polo que se establecen normas detalladas para a aplicación do artigo 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

Por outra parte, mantense, ata o 30 de abril de 2021, a aplicación dun tipo do cero por cento do imposto sobre o valor engadido ás entregas interiores, importacións e adquisicións intracomunitarias de material sanitario para combater a COVID-19, cuxos destinatarios sexan entidades públicas, sen ánimo de lucro e centros hospitalarios, que, ata o 31 de outubro de 2020, estivo regulada no artigo 8 do Real decreto lei 15/2020, do 21 de abril, de medidas urxentes complementarias para apoiar a economía e o emprego, e na disposición adicional sétima do Real decreto lei 28/2020, do 22 de setembro, de traballo a distancia. Desta forma, esténdese o seu prazo de vixencia para garantir a resposta do sistema sanitario na segunda fase de control da pandemia, unha vez iniciado xa o período de nova normalidade.

A relación de bens a que, con efectos desde o 1 de novembro de 2020, lles é de aplicación esta medida, contense no anexo.

Para estes efectos, os suxeitos pasivos efectuarán, se é o caso, conforme a normativa do imposto, a rectificación do imposto sobre o valor engadido repercutido ou satisfeito con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei.

Como complemento do anterior, rebáixase temporalmente, do 21 ao 4 por cento, o tipo impositivo do IVE aplicable ás entregas, importacións e adquisicións intracomunitarias de máscaras cirúrxicas dun só uso cuxos destinatarios sexan distintos dos antes mencionados, tendo en conta o uso xeneralizado que destas se está vendo obrigada a facer a poboación como consecuencia da prolongación da pandemia, medida en cuxa adopción se considera que concorre o presuposto habilitante para o recurso ao instrumento xurídico do real decreto lei, por canto se estima precisa a súa introdución de maneira inmediata.

Pola súa vez, modifícanse as referencias temporais contidas na Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, que se viron afectadas pola prórroga das directrices de axuda con finalidade rexional para 2014-2020, de acordo coa Comunicación da Comisión do 8 de xullo de 2020, e do citado Regulamento (UE) n.º 651/2014, e o Regulamento (UE) 2020/972 da Comisión, do 2 de xullo de 2020, polo que se modifican o Regulamento (UE) n.º 1407/2013, no que respecta á súa prórroga, e o Regulamento (UE) n.º 651/2014, no que respecta á súa prórroga e aos axustes pertinentes, respectivamente.

A extraordinaria e urxente necesidade da medida xustifícase en que as previsións temporais dos preceptos que agora se modifican conclúen o 31 de decembro de 2020, polo que a súa adaptación ás disposicións comunitarias resulta ineludible para manter a súa operatividade.

Noutro ámbito de cousas, a crise sanitaria ocasiona importantes necesidades financeiras na Seguridade Social para a continuidade da súa acción protectora, cunha menor recadación de cotizacións derivada dos efectos negativos que a crise está producindo na actividade económica, necesidades que se ven acentuadas pola actual situación de prórroga orzamentaria.

En resposta a estas necesidades, o Goberno aprobou o Real decreto lei 19/2020, do 26 de maio, polo que se adoptan medidas complementarias en materia agraria, científica, económica, de emprego e seguridade social e tributarias para paliar os efectos da COVID-19, cuxo artigo 10.3 concedeu un crédito extraordinario no Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións por un importe de 14.002.593.690 euros na aplicación orzamentaria 19.02.000X.429.06 «Transferencia para equilibrar o impacto nas contas da Seguridade Social derivado da COVID-19».

Non obstante, dada a persistencia dos efectos negativos que está tendo a evolución da pandemia na Seguridade Social, faise necesaria a autorización dun novo suplemento para equilibrar o impacto nas contas da Seguridade Social derivado da COVID-19 por importe de 6.000.000.000 euros.

O artigo 55.1 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, dispón que cando se deba realizar con cargo ao orzamento do Estado algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte, e o crédito sexa insuficiente e non ampliable, sen que sexa posible a súa dotación a través das restantes figuras previstas no artigo 51, deberá procederse á tramitación dun suplemento de crédito.

As consecuencias económicas para o Sistema da seguridade social non puideron preverse con anterioridade e é necesaria a disposición de maior crédito con carácter urxente, o que xustifica o recurso ao presente suplemento de crédito, para atender en tempo e forma o pagamento das prestacións e garantir o equilibrio financeiro da Seguridade Social.

Pola súa vez, a crise sanitaria obrigou á adopción de diversas medidas que derivaron nun aumento do gasto por prestacións e subsidios por desemprego, como é o caso da flexibilización dos mecanismos de axuste temporal para evitar despedimentos regulados no Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, ou o establecemento de novos subsidios para persoas integradas no Sistema especial de empregados do fogar do réxime xeral da Seguridade Social ou para persoas que finalizasen un contrato temporal durante a vixencia do estado de alarma aprobados no Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo.

Ademais, a situación de prórroga orzamentaria existente en 2020 determinaba que, desde o inicio, as previsións de gasto fosen superiores ás dotacións iniciais, que datan de 2018.

Por estas causas o 8 de xuño de 2020, o Ministerio de Facenda aprobou unha ampliación orzamentaria para aumentar o crédito destinado a financiar o gasto na prestación contributiva por importe de 14.151.918.381,20 euros financiado co remanente de tesouraría non afectado do Servizo Público de Emprego Estatal.

Non obstante, dada a persistencia dos efectos que está tendo a evolución da pandemia, o Goberno aprobou unha prórroga, desde o 1 de outubro de 2020 ao 31 de xaneiro de 2021, de flexibilización dos mecanismos de axuste temporal para evitar despedimentos no Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, de medidas sociais en defensa do emprego, o que implica un gasto nas prestacións por desemprego superior ao estimado na modificación antes mencionada. Por outro lado, a dita evolución supuxo un aumento no gasto dos subsidios por desemprego, máis alá do inicialmente estimado, en especial tendo en conta que os créditos para facer fronte ao gasto proceden do orzamento prorrogado de 2018.

Os créditos destinados a financiar os gastos de prestacións e subsidios teñen a consideración de ampliables de acordo co disposto no artigo 11.un e anexo II, segundo, nove da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, (prorrogados para 2020).

O artigo 54 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, establece que o financiamento das ampliacións de crédito no orzamento dos organismos autónomos poderá realizarse con cargo á parte do remanente de tesouraría á fin do exercicio anterior que non fose aplicada no orzamento do organismo, con maiores ingresos sobre os previstos inicialmente ou con baixa noutros créditos do orzamento non financeiro do organismo.

A necesidade total de financiamento no Servizo Público de Emprego Estatal ascende a 4.525.505.609,12 euros, sen que exista remanente de tesouraría non afectado pendente de utilizar nin posible baixa noutros créditos que permita financiar os 2.300.000.000 euros que se estiman necesarios.

O citado artigo 54 da Lei xeral orzamentaria engade que, no caso de que o financiamento proposto para a modificación do orzamento do organismo faga necesaria a modificación do orzamento de gastos do Estado, ambas as modificacións se acordarán mediante o procedemento que lle sexa de aplicación á do Estado. Neste caso, os

2.300.000.000 euros implicarán a necesidade de tramitar un crédito extraordinario no orzamento do Estado, que inclúa unha dotación adecuada do Ministerio de Traballo e Economía Social destinada a financiar o Servizo Público de Emprego Estatal, xa que nos orzamentos de 2020, prorrogados de 2018, non existía unha aplicación que recollese esta finalidade.

As operacións anteriores implicarán un aumento no orzamento de ingresos do Servizo Público de Emprego Estatal de 2.300.000.000 euros.

Os gastos cuxa cobertura atende o crédito extraordinario que se concede constitúen obrigacións exhibibles da Administración, ben que a contía destas non permite o seu financiamento con cargo ao Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria. Polo tanto, exceptúase a aplicación do disposto nos artigos 50.1 e 55.1 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e finánciase o crédito extraordinario no orzamento do Estado con débeda pública.

O artigo 55 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, dispón que cando se deba realizar con cargo ao orzamento do Estado algún gasto que non se poida demorar ata o exercicio seguinte, e o crédito non sexa adecuado e non sexa posible a súa dotación a través das restantes figuras previstas no artigo 51, deberá procederse á tramitación dun crédito extraordinario.

As consecuencias económicas non puideron preverse con anterioridade e é necesaria a disposición de maior crédito con carácter urxente, o que xustifica o recurso ao presente crédito extraordinario para atender en tempo e forma o pagamento das prestacións.

A exigencia de atender o pagamento de obrigacións que ineludiblemente debe satisfacer a Administración e a necesidade de non demorar o seu aboamento, para non causar prexuízos a terceiros afectados, constitúen as razóns de extraordinaria e urxente necesidade que xustifican a concesión dos créditos extraordinarios mediante real decreto lei.

Finalmente, o presente real decreto lei contén un precepto relativo á aplicación prorrogada de determinados preceptos da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, co obxecto de compasar a prórroga, xa producida desde o 1 de xaneiro de 2020 dos créditos destes últimos, coa da norma necesaria para a utilización en 2020, neste caso, do crédito recollido na sección 36, servizo 21, programa 942M e concepto 468.

IV

O artigo 86 da Constitución permítelle ao Goberno ditar decretos leis «en caso de extraordinaria e urxente necesidade», sempre que non afecten o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

O real decreto lei constitúe un instrumento constitucionalmente lícito, sempre que, tal como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional (sentenzas 6/1983, do 4 de febreiro, F. 5; 11/2002, do 17 de xaneiro, F. 4, 137/2003, do 3 de xullo, F. 3, e 189/2005, do 7 xullo, F. 3; 68/2007, F. 10, e 137/2011, F. 7), o fin que xustifica a lexislación de urxencia sexa acorrer a unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que, por razóns difíciles de prever, require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis, máxime cando a determinación do dito procedemento non depende do Goberno.

Debe quedar, polo tanto, acreditada «a existencia dunha necesaria conexión entre a situación de urxencia definida e a medida concreta adoptada para acorrer a ela (SSTC 29/1982, do 31 de maio, FX 3; 182/1997, do 20 de outubro, FX 3, e 137/2003, do 3 de xullo, FX 4)».

Non ofrece ningunha dúbida que a situación que afronta o noso país pola declaración de emerxencia de saúde pública de importancia internacional, unida á segunda declaración de estado de alarma, e prórroga deste, xeran a concorrencia de motivos que xustifican a extraordinaria e urxente necesidade de adoptar diversas medidas. No actual escenario no

cal España se enfrenta a unha nova onda de contaxios, é necesario tomar medidas urxentes en materia de contención e prevención da COVID-19 que permitan atallar a epidemia e evitar a súa propagación para protexer a saúde pública. Medidas similares están sendo adoptadas noutros países europeos que estenden a duración da situación excepcional no ámbito económico e o potencial impacto sobre a solvencia empresarial, así como sobre a estabilidade financeira.

Por outra parte, no caso da incorporación da Directiva (UE) 2019/692 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de abril de 2019, pola que se modifica a Directiva 2009/73/CE sobre normas comúns para o mercado interior de gas natural, concorren dúas circunstancias. A primeira é que o seu prazo de incorporación ao ordenamento xurídico interno expirou o pasado 24 de maio de 2020. Por iso, produciuse a súa primeira incorporación ao ordenamento xurídico español mediante o Real decreto lei 27/2020, do 4 de agosto, de medidas financeiras, de carácter extraordinario e urxente, aplicables ás entidades locais, pero o Congreso dos Deputados, na súa sesión do día 10 de setembro, acordou derrogalo. Ante esta situación, resulta imprescindible a súa nova incorporación ao ordenamento xurídico, o que evita as posibles consecuencias que poidan derivar do procedemento de infracción aberto por incumprimento da obriga do Reino de España de incorporación ao seu ordenamento da directiva referida.

Ademais, neste caso, conforme a xurisprudencia do Tribunal Constitucional, non é necesario ter a certeza de que se evitarán consecuencias por falta de incorporación. A STC 1/2012, do 13 de xaneiro, considerou que «a utilización do decreto lei pode contribuír a que a comisión tome canto antes a decisión de archivar un procedemento xa aberto e, por tanto, pode contribuír a evitar que o TXUE dite unha sentenza que declare un incumprimento por parte do Reino de España».

Así mesmo, o prazo para a comunicación das exencións á Comisión Europea, logo de aprobación destas, tal como se regulan no artigo segundo, finalizou o pasado 24 de maio, o que obriga a establecer un procedemento con carácter urxente no ordenamento xurídico nacional.

Tamén se regulaban no citado Real decreto lei 27/2020, do 4 de agosto, os ingresos procedentes das poxas de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro para o exercicio 2020, que se deben instrumentar a través da autorización das xeracións de crédito por importe de mil millóns de euros e dos correspondentes suplementos de crédito no orzamento da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia realizárase por acordo do titular do Ministerio de Facenda. Estes expedientes orzamentarios deben tramitarse coa maior urxencia antes do peche do exercicio orzamentario de 2020, co fin de dar cumprimento ao inicialmente vixente ao respecto. Así mesmo, esta medida xustifícase polos indesexables efectos que a súa non adopción comportaría sobre a liquidez dos suxeitos de liquidación do sistema eléctrico e sobre os consumidores de electricidade.

Por outro lado, resulta tamén de urxencia prorrogar algunhas das medidas adoptadas por decretos leis anteriores nos ámbitos societario e concursal, para permitir que durante o exercicio 2021 se sigan celebrando de forma telemática as xuntas xerais das sociedades de capital, así como para contribuír á viabilidade económica das empresas, tendo expirado, ou estando preto de expirar, xa o prazo previsto para a vixencia de tales medidas.

Así mesmo, antes de que se conteña a crise sanitaria e se recupere unha situación de normalidade, cunha recuperación económica sólida que garanta a estabilidade financeira, é urxente establecer medidas para afrontar a volatilidade dos mercados de valores e da libre circulación de capitais, co obxectivo de evitar movementos que poidan afectar a orde pública, a seguridade pública ou a saúde pública. Na disposición derradeira cuarta do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19, modificouse o réxime xurídico dos movementos de capitais e das transaccións económicas co exterior, engadindo un novo artigo 7 bis á súa norma legal reguladora, a Lei 19/2003, do 4 de xullo. Inclúense neste real decreto lei modificacións a estas medidas, necesarias para a inminente aprobación dun real decreto que permitirá cerrar o mecanismo de control de investimentos estranxeiros directos, asegurando, por un lado, o adecuado control de investimentos estranxeiros

directos polas citadas razóns de orde pública, seguridade pública ou saúde pública, así como para asegurar o correcto funcionamento do procedemento de autorización dos investimentos cuxo réxime de liberalización queda suspendido, de forma que se restrinxa a liberdade de circulación de capitais da forma máis proporcionada e limitada que sexa posible para a consecución dese fin.

Por outra parte, con obxecto de asegurar o funcionamento ordinario da institución e evitar unha situación de interinidade, por razóns de seguridade xurídica e en coherencia coa regulación prevista para outros organismos supervisores, prevese a modificación urxente do artigo 28.1.a) do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro, garantindo así a continuidade das funcións da Comisión Nacional do Mercado de Valores. E iso perante a inminente finalización do mandato do presidente e da vicepresidenta da dita comisión o próximo 25 de novembro de 2020.

Tense en conta que a regulación destes aspectos mediante o procedemento lexislativo ordinario ou de urxencia previsto para a tramitación parlamentaria non chegaría a evitar posibles consecuencias non desexadas.

En consecuencia, a extraordinaria e urxente necesidade de aprobar este real decreto lei inscríbese no xuízo político ou de oportunidade que corresponde ao Goberno, en canto órgano de dirección política do Estado (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FFX 4 e 7; 142/2014, do 11 de setembro, FX 3) e esta decisión, sen dúbida, supón unha ordenación de prioridades políticas de actuación (STC 14/2020, do 28 de xaneiro), centradas no cumprimento da seguridade xurídica e a saúde pública. Os motivos de oportunidade que acaban de expoñerse demostran que en ningún caso o presente real decreto lei constitúe un suposto de uso abusivo ou arbitrario deste instrumento constitucional (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 100/2012, do 8 de maio, FX 8; 237/2012, do 13 de decembro, FX 4; 39/2013, do 14 de febreiro, FX 5). Ao contrario, todas as razóns expostas xustifican, ampla e razoadamente, a adopción da presente norma (SSTC 29/1982, do 31 de maio, FX 3; 111/1983, do 2 de decembro, FX 5; 182/1997, do 20 de outubro, FX 3).

Debe sinalarse tamén que este real decreto lei non afecta o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

Polo demais, este real decreto lei adecúase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Deste modo, cúmprese co principio de necesidade que quedou plenamente xustificado. Igualmente, dáse cumprimento aos principios de seguridade xurídica, proporcionalidade e eficacia, e destácase que as medidas que incorpora son congruentes co ordenamento xurídico e incorporan a mellor alternativa posible dada a situación de excepcionalidade, ao conter a regulación necesaria e imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados.

En canto ao principio de transparencia, dado que se trata dun real decreto lei, a súa tramitación encóntrase exenta de consulta pública previa e dos trámites de audiencia e información públicas, conforme o artigo 26.11 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Finalmente, respecto do principio de eficiencia, non se impoñen máis cargas que as estritamente necesarias.

O presente real decreto lei consta dun preámbulo e dunha parte dispositiva, estruturada en dez artigos, dunha disposición adicional única, dunha disposición transitoria única, catorce disposicións derradeiras e dun anexo, e dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a, 6.^a, 8.^a, 10.^a, 11.^a, 13.^a, 14.^a, 23.^a e 25.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais; a lexislación mercantil, procesual e civil; o réxime aduaneiro e arancelario; comercio exterior; bases da ordenación do crédito, banca e seguros; bases e coordinación da

planificación xeral da actividade económica; facenda xeral; lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección e de bases do réxime mineiro e enerxético.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por iniciativa da vicepresidenta terceira do Goberno e ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, e por proposta do ministro de Xustiza, da ministra de Facenda, da ministra de Industria, Comercio e Turismo, e da vicepresidenta cuarta do Goberno e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de novembro de 2020,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Apoio á solvencia empresarial

Artigo 1. Extensión dos prazos de vencemento e de carencia das operacións de financiamento a autónomos e empresas que recibiron aval público canalizado a través do Instituto de Crédito Oficial.

1. O prazo de vencemento dos avais liberados ao abeiro do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, estenderase por un período adicional máximo de tres anos, sempre e cando se cumpran os requisitos recollidos neste artigo e o vencemento total da operación avalada non supere os oito anos desde a data de formalización inicial da operación.

As entidades de crédito, establecementos financeiros de crédito, entidades de diñeiro electrónico e entidades de pagamento que se encontren operativas na liña de avais aprobada polo Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, estenderán o prazo de vencemento das operacións avaladas ao abeiro do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, por un máximo de tres anos por solicitude do debedor, sempre e cando o vencemento total da operación avalada non supere os oito anos desde a data de formalización inicial da operación.

A ampliación do vencemento do aval coincidirá coa ampliación do vencemento do préstamo avalado.

2. Por solicitude do debedor que cumpra cos requisitos sinalados neste artigo, as entidades de crédito, establecementos financeiros de crédito, entidades de diñeiro electrónico e entidades de pagamento que se encontren operativas nas liñas de avais aprobadas polos reais decretos leis 8/2020, do 17 de marzo, e 25/2020, do 3 de xullo, aumentarán o prazo de carencia na amortización do principal da operación avalada nun máximo de doce meses adicionais, se o prazo total de carencia, tendo en conta a carencia inicial, non supera os 24 meses. O capital correspondente ás cotas do período de carencia poderá, logo de acordo das partes, acumularse á última cota do préstamo, ratearse nas cotas restantes ou amortizarse mediante unha combinación de ambos os sistemas. Na falta de acordo, ratearase nas cotas restantes.

3. As entidades de crédito, establecementos financeiros de crédito, entidades de diñeiro electrónico e entidades de pagamento que se encontren operativas nas liñas de avais aprobadas polo Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, e Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo, manterán ata o 30 de xuño de 2021 os límites das liñas de circulante concedidas a todos os debedores que cumpran os requisitos sinalados neste artigo e gocen dun préstamo avalado ao abeiro, ben do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, ben do 25/2020, do 3 de xullo.

4. Para que o debedor poida solicitar a aplicación das medidas previstas no punto anterior, deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a. Que mediase solicitude do debedor para as medidas descritas nos puntos 1 ou 2.

b. Que a operación de financiamento avalada non estea en demora (impagada máis de 90 días), nin tampouco o estea ningún dos financiamientos restantes outorgados pola entidade ao mesmo cliente.

c. Que o debedor non figure en situación de morosidade na consulta aos ficheiros da Central de Información de Riscos do Banco de España (CIRBE) na data de formalización da extensión.

d. Que a entidade financeira non comunicase á entidade concedente do aval ningún impagamento da operación avalada co debedor na data da formalización da extensión.

e. Que o debedor non estea suxeito a un procedemento concursal.

f. Que, para a aplicación das medidas 1 e 2, o financiamento avalado se formalizase antes da data de publicación deste real decreto lei no «Boletín Oficial del Estado».

g. Que a solicitude das medidas 1 e 2 por parte do debedor á entidade non sexa máis tarde do 15 de maio de 2021.

h. Que o debedor cumpra, para solicitar a extensión do aval, cos límites establecidos na normativa de axudas de Estado da Unión Europea.

5. Se o debedor solicitante cumpre cos requisitos previstos no punto anterior, as entidades financeiras aplicarán as medidas previstas nos puntos anteriores deste artigo. Así mesmo, as entidades financeiras deberán cumprir coas seguintes obrigacións:

a. Deberán aplicar os mellores usos e prácticas bancarias en beneficio dos clientes e non poderán condicionar a modificación das condicións dos préstamos cubertos polo aval público ou o resto das medidas previstas neste artigo á contratación por parte do cliente de calquera outro produto da entidade.

b. Os custos dos préstamos que se beneficien das extensións previstas neste real decreto lei manteranse en liña cos custos cargados antes da extensión e poderán incrementarse unicamente para reflectir un encarecemento da remuneración do aval.

c. Sinalarán nos seus sistemas de contabilidade e de xestión do risco a modificación dos termos destas operacións e, se é o caso, as novas condicións, co fin de facilitar a súa rastrexabilidade. Posteriormente, incorporarán esta sinalización na súa declaración á Central de Información de Riscos, seguindo para tal efecto as instrucións do Banco de España.

6. Cando os aprazamentos previstos nesta norma se vaian formalizar en documento público, a entidade financeira elevará a público ou requirirá a intervención do acordo de financiamento, unilateralmente e, se é o caso, a garantía do Instituto de Crédito Oficial e outros fiadores e avalistas, sempre que o debedor non manifeste expresamente a súa vontade de comparecer ante o notario para o outorgamento bilateral.

7. Poderán formularse ante o Banco de España as reclamacións derivadas do presunto incumprimento por parte das entidades financeiras das disposicións contidas neste artigo, que recibirán o mesmo tratamento que as demais reclamacións cuxa tramitación e resolución corresponde ao citado Banco de España.

8. As entidades dispoñerán dun máximo de 30 días naturais para resolver a solicitude do debedor e, en caso de que a solicitude sexa estimada, comunicarlle ao Instituto de Crédito Oficial a solicitude da modificación dos termos do aval. O resto de efectos recollidos no punto 2 deste artigo deberán facerse efectivos non máis tarde do momento a partir do cal se produza a ampliación do vencemento do aval.

9. Será posible comunicarlle ao Instituto de Crédito Oficial solicitudes de modificación dos termos do aval ata o 1 de xuño de 2021. Esta comunicación realizarase de acordo co procedemento que sexa establecido polo Instituto de Crédito Oficial e sexa comunicado ás entidades financeiras.

10. O resto de condicións para a implementación do contido neste artigo, incluíndo a remuneración do aval público, establecerase mediante acordo do Consello de Ministros, sen que se requira desenvolvemento normativo posterior para a súa aplicación.

11. Os avais recollidos neste decreto lei cumprirán coa normativa da Unión Europea en materia de axudas de Estado. Non se concederá nin ampliará ningún aval ao abeiro

deste real decreto lei ata que se conte coa autorización expresa para iso da Comisión Europea.

Artigo 2. *Formalización en escritura pública da extensión dos prazos de vencemento e carencia.*

1. Os dereitos arancelarios notariais e rexistrais derivados da formalización e inscrición, se é o caso, cando exista garantía hipotecaria, bonifícanse nun 50 por cento nos seguintes termos:

a. Polo outorgamento da escritura devindicárase o arancel correspondente ás escrituras de novación hipotecaria, previsto na letra f) do punto 1 do número 1 do anexo I do Real decreto 1426/1989, do 17 de novembro, polo que se aproba o arancel dos notarios, reducidos ao 50 por cento, sen que se devindique ningunha cantidade a partir do quinto folio de matriz e de copia, sexa copia autorizada ou copia simple. En todo caso, a suma de todos os aranceis notariais aplicables á escritura será dun mínimo de 30 euros e dun máximo de 75 euros por todos os conceptos.

b. Os dereitos arancelarios notariais derivados da intervención de pólizas en que se formalicen, se é o caso, os aprazamentos previstos nesta norma derivadas de todo préstamo ou crédito sen garantía hipotecaria serán os establecidos no Decreto do 15 de decembro de 1950 e bonifícanse nun 50 por cento.

En todo caso, a suma de todos os aranceis notariais aplicables á póliza será dun mínimo de 25 euros e dun máximo de 50 euros por todos os conceptos, incluídas as súas copias e traslados.

c. Cando exista garantía real inscritable, pola práctica da inscrición aplicarase o arancel previsto, segundo corresponda, no caso dos rexistradores da propiedade, para as novacións modificativas no artigo 2.1.g) do anexo I do Real decreto 1427/1989, do 17 de novembro, polo que se aproba o arancel dos rexistradores, no caso dos rexistradores mercantís, conforme o previsto no artigo 36 da Orde do 19 de xullo de 1999 pola que se aproba a Ordenanza para o rexistro de venda a prazos de bens mobles. Ao resultado aplicaráselle unha bonificación do 50 por cento. En todo caso, a suma de todos os aranceis rexistrais aplicables ao documento será dun mínimo de 24 euros e dun máximo de 50 euros por todos os conceptos.

2. Cando exista garantía real inscritable, as escrituras en que se eleven a públicos os aprazamentos previstos na presente norma quedarán exentas da cota gradual de documentos notariais da modalidade de actos xurídicos documentados do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

3. O previsto nos puntos anteriores tamén será de aplicación para aqueles supostos en que, con motivo da formalización do aprazamento aquí regulado, se proceda á elevación a público ou intervención da operación de financiamento obxecto do acordo.

Artigo 3. *Medidas extraordinarias aplicables ás persoas xurídicas de dereito privado*

1. Excepcionalmente, durante o ano 2021, ás sociedades de capital previstas no artigo 1 do Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital, aplicaráselles as seguintes medidas:

a) No caso das sociedades anónimas, aínda que os estatutos non o previsen, o consello de administración poderá prever na convocatoria da xunta xeral a asistencia por medios telemáticos e o voto a distancia nos termos previstos nos artigos 182 e 189 do Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, e do artigo 521 do mesmo texto legal, no caso das sociedades anónimas cotizadas, así como a celebración da xunta en calquera lugar do territorio nacional.

b) No caso das sociedades de responsabilidade limitada e comanditaria por accións, aínda que os estatutos non o previsen, poderán celebrar a xunta xeral por videoconferencia ou por conferencia telefónica múltiple, sempre que todas as persoas que teñan dereito de

asistencia ou aqueles que os representen dispoñan dos medios necesarios, o secretario do órgano recoñeza a súa identidade, e así o exprese na acta, que remitirá de inmediato aos enderezos de correo electrónico.

2. Excepcionalmente, durante o ano 2021, aínda que os estatutos non o previsen, as xuntas ou asembleas de asociados ou de socios do resto de persoas xurídicas de dereito privado (asociacións, sociedades civís e sociedades cooperativas) poderán celebrarse por videoconferencia ou por conferencia telefónica múltiple sempre que todas as persoas que teñan dereito de asistencia ou aqueles que os representen dispoñan dos medios necesarios, o secretario do órgano recoñeza a súa identidade, e así o exprese na acta, que remitirá de inmediato aos enderezos de correo electrónico.

3. Excepcionalmente, durante o ano 2021, aínda que os estatutos non o previsen, as reunións do padroado das fundacións poderán celebrarse por videoconferencia ou por conferencia telefónica múltiple, sempre que todos os membros do órgano dispoñan dos medios necesarios, o secretario do órgano recoñeza a súa identidade, e así o exprese na acta, que remitirá de inmediato aos enderezos de correo electrónico de cada un dos concorrentes.

CAPÍTULO II

Medidas relativas ao sector enerxético

Artigo 4. Exencións temporais relativas aos gasodutos de transporte con destino ou orixe en países non pertencentes á Unión Europea.

1. O gasoduto de transporte de gas natural denominado Medgaz, que transcorre polas augas territoriais españolas ata a terminal de recepción situada en Almería, queda exceptuado temporalmente do establecido nos artigos 63.3, 63 bis, 63 ter e 70 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, durante un período de catorce meses, contado desde o 24 de maio de 2020.

2. O gasoduto de transporte de gas natural denominado Magreb-Europa, que transcorre polas augas territoriais españolas ata a terminal de recepción situada en Tarifa (Cádiz), queda exceptuado temporalmente do establecido nos artigos 63.3, 63 bis, 63 ter e 70 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, durante un período de catorce meses, contado desde o 24 de maio de 2020.

3. As exencións temporais outorgadas nos puntos precedentes poderán verse estendidas por orde do titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, logo de solicitude motivada do titular ou titulares, que deberá ser presentada perante o citado órgano con, cando menos, seis meses de antelación á finalización do período da exención temporal outorgada.

Estas extensións, se é o caso, deberán axustarse, en canto ao prazo e ao procedemento para a súa aprobación, ao establecido no artigo 71 bis da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos. Para estes efectos, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico poderalles requirir aos titulares toda aquela documentación que considere necesaria para avaliar convenientemente a solicitude.

Artigo 5. Ingresos procedentes das poxas de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro para o exercicio 2020.

1. Con vixencia exclusiva para os orzamentos xerais do Estado de aplicación no exercicio 2020, cando o 90 por cento da recadación efectiva polos ingresos por poxas de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, a que se refire o punto 1.b) da disposición adicional quinta da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, supere a cantidade prevista no crédito inicial da aplicación 23.03.000X.737 «Á CNMC para financiar custos do sector eléctrico de acordo co punto b) da disposición adicional segunda da Lei 15/2012, do 27 de decembro, de medidas fiscais

para a sustentabilidade enerxética», poderase xerar crédito na dita aplicación ata un límite de 1.000.000,00 miles de euros.

2. Con vixencia exclusiva para os orzamentos xerais do Estado de aplicación no exercicio 2020, o emprego dos ingresos procedentes das poxas de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, recollido no punto 2 da disposición adicional quinta da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, destinarase cos límites do 10 por cento da recadación total e ata un máximo de 100.000,00 miles de euros para outras actuacións de loita contra o cambio climático.

3. As autorizacións das xeracións de crédito que deriven do previsto nos puntos anteriores e dos correspondentes suplementos de crédito no orzamento da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia serán realizadas por acordo da persoa titular do Ministerio de Facenda durante o exercicio orzamentario 2020.

CAPÍTULO III

Medidas en materia tributaria

Artigo 6. Tipo impositivo aplicable do imposto sobre o valor engadido ás entregas, importacións e adquisicións intracomunitarias de bens necesarios para combater os efectos da COVID-19.

Con efectos desde o 1 de novembro de 2020 e vixencia ata o 30 de abril de 2021, aplicarase o tipo do 0 por cento do imposto sobre o valor engadido ás entregas de bens, importacións e adquisicións intracomunitarias de bens referidos no anexo deste real decreto lei cuxos destinatarios sexan entidades de dereito público, clínicas ou centros hospitalarios, ou entidades privadas de carácter social a que se refire o punto tres do artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido. Estas operacións documentaranse en factura como operacións exentas.

Artigo 7. Aplicación do tipo do 4 por cento do imposto sobre o valor engadido ás entregas, importacións e adquisicións intracomunitarias de máscaras.

Con efectos desde a entrada en vigor deste real decreto lei e vixencia ata o 31 de decembro de 2021, aplicarase o tipo do 4 por cento do imposto sobre o valor engadido ás entregas, importacións e adquisicións intracomunitarias das máscaras cirúrxicas dun só uso referidas no Acordo da Comisión Interministerial de Prezos dos Medicamentos, do 12 de novembro de 2020, polo que se revisan os importes máximos de venda ao público, en aplicación do previsto no artigo 94.3 do texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2015, do 24 de xullo, publicado pola Resolución do 13 de novembro de 2020, da Dirección Xeral de Carteira Común de Servizos do Sistema Nacional de Saúde e Farmacia.

Artigo 8. Concesión dun suplemento de crédito destinado ao Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

1. Concédese un suplemento de crédito por un importe de 6.000.000.000 euros na aplicación orzamentaria 19.02.000X.429.06 «Transferencia para equilibrar o impacto nas contas da Seguridade Social derivado da COVID-19» do orzamento do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

2. Este suplemento de crédito financiarase con cargo á débeda pública, de conformidade co sinalado no artigo 46 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para 2018.

Artigo 9. *Concesión dun crédito extraordinario destinado ao Ministerio de Traballo e Economía Social.*

1. Concédese un crédito extraordinario por un importe de 2.300.000.000 euros na aplicación orzamentaria 19.03.000X.419 «para financiar no orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal prestacións contributivas e cotas de subsidios por desemprego» do orzamento do Ministerio de Traballo e Economía Social, como consecuencia do gasto derivado das medidas adoptadas para facer fronte á COVID-19 no escenario actual de prórroga orzamentaria.

2. Este crédito extraordinario financiarase con cargo á débeda pública, de conformidade co sinalado no artigo 46 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para 2018.

3. O crédito extraordinario que se concede no artigo anterior ocasionará os seguintes aumentos no orzamento do organismo autónomo 19.101 Servizo Público de Emprego Estatal:

No seu orzamento de gastos:

a) Na aplicación 19.101.251M.480.00 «Contributivas, incluso obrigacións de exercicios anteriores» por importe de 1.603.035.654,67 euros.

b) Na aplicación 19.101.251M.487.01 «Cotas de beneficiarios do subsidio de desemprego, incluso obrigacións de exercicios anteriores» por importe 696.964.345,33 euros.

No seu orzamento de ingresos:

Na aplicación 19.101.400.00 «Transferencia do Estado para financiar no orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal prestacións contributivas e cotas de subsidios por desemprego» por importe de 2.300.000.000 euros.

Artigo 10. *Aplicación ás administracións territoriais de determinadas normas da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.*

1. Para os efectos da aplicación dos artigos 111 a 125 e 135 a 146 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, considerarase prorrogada para 2020 a vixencia do artigo 99 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, substituíndo as mencións ao ano 2016 polo ano 2018 e considerando os artigos 100 a 103, 105 e 106, 108 a 111, 113 e 115 desta última norma en lugar dos preceptos que se citan da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016.

2. Para os efectos da aplicación do artigo 121 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, considerarase prorrogada a vixencia da disposición adicional centésimo décimo primeira da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, substituíndo as mencións ao ano 2016 polo ano 2018.

Disposición adicional única. *Acceso do Instituto de Crédito Oficial á CIRBE.*

O Instituto de Crédito Oficial, co obxecto de axilizar os trámites relativos á comprobación dos impagados na CIRBE que lle sexan comunicados polas entidades financeiras outorgantes dos préstamos a que achegase un aval, terá dereito a obter a información referida sobre os riscos das persoas físicas ou xurídicas, rexistrados na CIRBE cando así o solicite, sen que deba cumprir cos requisitos establecidos no artigo 61 da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, ou outras disposicións que desenvolvan ou complementen esta materia.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio de suspensión de liberalización de determinados investimentos estranxeiros directos realizados por residentes doutros países da Unión Europea e da Asociación Europea de Libre Comercio.*

O réxime de suspensión de liberalización de determinados investimentos estranxeiros directos en España regulado nos puntos 2 e 5 do artigo 7 bis da Lei 19/2003, do 4 de xullo, aplicarase ata o 30 de xuño de 2021 aos investimentos estranxeiros directos sobre empresas cotizadas en España, ou sobre empresas non cotizadas se o valor do investimento supera os 500 millóns de euros, realizados por residentes doutros países da Unión Europea e da Asociación Europea de Libre Comercio. Para estes efectos, consideraranse sociedades cotizadas en España aquelas cuxas accións estean, en todo ou en parte, admitidas a negociación nun mercado secundario oficial español e teñan o seu domicilio social en España.

Para efectos deste réxime transitorio, entenderase por investimentos estranxeiros directos aqueles investimentos como consecuencia dos cales o investidor pase a ter unha participación igual ou superior ao 10 por 100 do capital social da sociedade española, ou cando, como consecuencia da operación societaria, acto ou negocio xurídico, se adquira o control da dita sociedade de acordo cos criterios establecidos no artigo 7.2 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, tanto se son realizados por residentes de países da Unión Europea e da Asociación Europea de Libre Comercio diferentes a España, como se son realizados por residentes en España cuxa titularidade real corresponda a residentes doutros países da Unión Europea e da Asociación Europea de Libre Comercio. Entenderase que existe esa titularidade real cando estes últimos posúan ou controlen en último termo, directa ou indirectamente, unha porcentaxe superior ao 25 % do capital ou dos dereitos de voto do investidor, ou cando por outros medios exerzan o control, directo ou indirecto, do investidor.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias.*

Modifícase a Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, nos seguintes termos:

Un. Modifícase o punto 11 do artigo 27, que queda redactado da seguinte forma:

«11. Os contribuíntes a que se refire este artigo poderán levar a cabo investimentos anticipados, que se considerarán como materialización da reserva para investimentos que se dote con cargo a beneficios obtidos no período impositivo en que se realiza o investimento ou nos tres posteriores, sempre que se cumpran os restantes requisitos exixidos neste.

As citadas dotacións deberán realizarse con cargo a beneficios obtidos ata o 31 de decembro de 2021.

A materialización e o seu sistema de financiamento comunicaranse conxuntamente coa declaración do imposto sobre sociedades, o imposto sobre a renda de non residentes ou o imposto sobre a renda das persoas físicas do período impositivo en que se realicen os investimentos anticipados.»

Dous. Modifícase o punto 2 do artigo 29, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Non obstante, a autorización da inscrición no Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria terá como límite o 31 de decembro do ano 2021.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

A Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, queda modificada como segue:

Un. Engádesse o seguinte parágrafo ao final do artigo 58, epígrafe a):

«Os xestores de rede de transporte poderán manter e celebrar acordos técnicos sobre cuestións relativas á xestión de gasodutos de transporte entre España e países non pertencentes á Unión Europea, sempre que os ditos acordos sexan compatibles coa normativa do mercado interior de gas natural e coas circulares e resolucións da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Os ditos acordos deberán ser notificados á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.»

Dous. O punto 1 do artigo 63 quáter queda modificado como segue:

«1. As empresas propietarias de instalacións da rede troncal de gasodutos que non cumpran os requisitos de separación de actividades establecidos no artigo 63.3 e que, con anterioridade ao 3 de setembro de 2009, fosen propietarios das ditas instalacións, así como as que, con anterioridade ao 23 de maio de 2019, fosen propietarias de instalacións de interconexión con países non membros da Unión Europea, poderán optar por ceder a xestión destes a un xestor de rede independente.

Para estes efectos, propoñerán un xestor de rede independente entre as empresas que obtivesen a certificación de cumprimento dos requisitos de separación de actividades de transporte e solicitaranlle ao titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico a súa aprobación. A dita designación estará supeditada á aprobación da Comisión Europea e poderá ser denegada en caso de que o xestor de rede independente non cumpra algún dos requisitos establecidos na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento.»

Tres. O artigo 71 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 71. *Exención de obrigación de acceso de terceiros.*

1. Poderá solicitarse a exención da obrigación de acceso de terceiros a que se refire o punto 6 do artigo 70, sempre que estes cumpran as seguintes condicións:

a) O investimento debe reforzar a competencia no fornecemento de gas e potenciar a seguridade de fornecemento.

b) O nivel de risco inherente ao investimento é tal que este non se levaría a cabo de non concederse a exención.

c) A infraestrutura será propiedade dunha entidade distinta, cando menos na personalidade xurídica, dos transportistas en cuxas redes vaia construírse a infraestrutura.

d) Cobraranse canons aos usuarios da infraestrutura.

e) A exención non debe ser prexudicial para a competencia nos mercados pertinentes que probablemente se verán afectados polo investimento, nin para o funcionamento efectivo do mercado interior do gas natural da Unión, nin tampouco para o funcionamento eficiente das redes reguladas afectadas ou para a seguridade de fornecemento de gas natural dentro da Unión.

A exención do acceso de terceiros poderá referirse á totalidade ou parte da capacidade da nova infraestrutura ou da infraestrutura existente cuxa capacidade se aumenta.

2. Para estes efectos, o titular da instalación solicitará a exención ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, que requirirá un informe previo da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia remitirá á Comisión Europea copia das solicitudes de exención recibidas e analizará cada caso en particular, tomando en consideración, entre outros aspectos, a capacidade adicional que vaia construírse ou a modificación da capacidade existente, o prazo previsto do proxecto e as circunstancias do sector gasista. No seu informe, a Comisión Nacional

dos Mercados e da Competencia propoñerá condicións en relación coa duración da exención e o acceso non discriminatorio á infraestrutura.

Así mesmo, no seu informe, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia propoñerá as normas e mecanismos de xestión e asignación da capacidade. En todo caso, realizarase unha consulta previa a todos os posibles usuarios en relación co seu interese por contratar a nova capacidade antes de efectuar a asignación desta, incluíndo a capacidade para uso propio. Os resultados da dita consulta previa serán tidos en conta pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia na avaliación do cumprimento dos criterios establecidos no punto 1 do presente artigo.

A capacidade non utilizada deberá ser ofrecida no mercado de forma transparente, obxectiva e non discriminatoria, e os usuarios da infraestrutura terán dereito a vender a capacidade contratada no mercado secundario.

3. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, antes da adopción do seu informe final sobre a exención, consultará:

- a) as autoridades reguladoras nacionais dos Estados membros cuxos mercados probablemente se verán afectados pola nova infraestrutura, e
- b) as autoridades competentes de terceiros países, cando a infraestrutura en cuestión estea conectada coa rede da Unión Europea baixo a xurisdición dun Estado membro e teña a súa orixe ou fin nun ou máis países non pertencentes á Unión Europea.

Cando as autoridades consultadas do terceiro país non respondan a consulta no prazo de dous meses, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá continuar coa tramitación da exención.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia elevará o informe xunto con toda a documentación que conste no expediente ao titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, que resolverá mediante orde que será publicada no «Boletín Oficial del Estado». Así mesmo, publicarase a dita orde xunto co informe adoptado pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no sitio da internet do dito organismo.

4. A orde de exención será notificada á Comisión Europea, xunto con toda a información pertinente relacionada con ela, para os efectos do artigo 36.9 da Directiva 2009/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo e, se é o caso, adaptarse, ou revogarse, segundo sexa a decisión que adopte a Comisión en virtude do citado artigo.

5. A decisión de exención aprobada pola Comisión Europea deixará de ter efectos aos dous anos da súa aprobación se, para entón, non se iniciase a construción da infraestrutura, e aos cinco anos da súa aprobación se, para entón, a infraestrutura non estivese operativa, a menos que a Comisión Europea decida que os atrasos están motivados.

6. Naqueles casos en que a infraestrutura para a que se solicitou a exención se encuentre situada no territorio de máis dun Estado membro da Unión Europea, deberá atenderse ao disposto no artigo 36.4 da Directiva 2009/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo.»

Catro. Inclúese un novo artigo 71.bis coa seguinte redacción:

«Artigo 71 bis. Exencións relativas aos gasodutos de transporte con destino ou orixe en países non pertencentes á Unión Europea.

1. Os gasodutos de transporte con destino ou orixe en países non pertencentes á Unión Europea cuxa construción finalizase con anterioridade ao 23 de maio de 2019 poderán quedar exceptuados do establecido nos artigos 63.3, 63 bis, 63 ter e 70 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, durante un período máximo de 20 anos contado desde o 24 de maio de 2020, prorrogables en casos debidamente xustificadas, conforme o previsto no punto 3.

2. Os titulares dos gasodutos de transporte con destino ou orixe en países non pertencentes á Unión Europea poderán solicitar a exención referida no punto primeiro ao titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, sempre e cando se xustifique por razóns obxectivas como permitir a recuperación do investimento realizado, por motivos de seguridade do fornecemento, o funcionamento efectivo do mercado interior do gas na Unión Europea e cando a exención non sexa prexudicial para a competencia.

3. O titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico resolverá, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, en relación co eventual impacto sobre a competencia ou o funcionamento efectivo do mercado interior do gas na Unión Europea, outorgando ou denegando a exención en función da verificación do cumprimento das razóns obxectivas mencionadas no parágrafo anterior. A resolución da prórroga de exención poderá establecer limitacións que contribúan á consecución dos obxectivos citados.

4. A exención establecida nos puntos precedentes non implica a inclusión das instalacións no réxime retributivo do sector de gas natural.

A capacidade non utilizada deberá ser ofrecida no mercado de forma transparente, obxectiva e non discriminatoria, e os usuarios das infraestruturas terán dereito a vender a capacidade contratada no mercado secundario.

5. Os titulares das instalacións exceptuadas nesta disposición deberán remitir á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, e ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, un informe anual co detalle da utilización da capacidade de gasoduto durante o ano natural inmediatamente anterior, as empresas que accederon ás instalacións coas cantidades transportadas por cada unha delas, prezos de acceso, así como calquera outra información que os citados organismos soliciten. O dito informe deberá remitirse antes da finalización do primeiro trimestre de cada ano.

Transcorrido un ano do outorgamento da exención, os titulares das instalacións exceptuadas nesta disposición deberán remitir ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico un calendario de actuacións para garantir o pleno cumprimento do establecido nos artigos 63.3, 63 bis, 63 ter e 70 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, antes de que finalice o período da exención.

6. Os titulares das instalacións deberán levar contas separadas das actividades de transporte e comercialización e incluírán as contas no informe anual a que fai referencia o punto anterior.»

Cinco. Engádesse unha nova disposición adicional trixésimo sétima, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional trixésimo sétima. *Acordos con países non pertencentes á Unión Europea en relación cos gasodutos de transporte.*

Nas negociacións entre España e países non pertencentes á Unión Europea, relativos á modificación, ampliación, ou celebración de acordos relativos á xestión de gasodutos de transporte sobre asuntos que recaian no ámbito de aplicación da Directiva 2009/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo, actuarase de acordo co disposto no artigo 49 ter da citada directiva.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 46/1998, do 17 de decembro, sobre introdución do euro.*

Modifícase o artigo 25 da Lei 46/1998, do 17 de decembro, sobre introdución do euro, que queda redactado como segue:

«Artigo 25. O troco a partir do 1 de xullo de 2002.

A partir do 1 de xullo de 2002, o troco dos billetes e moedas denominados en pesetas por billetes e moedas en euros será levado a cabo exclusivamente polo Banco de España, logo do correspondente arredondamento de conformidade co disposto no artigo 11 desta lei. O período de troco de billetes e moedas de pesetas a euros no Banco de España finalizará o 30 de xuño de 2021. Despois desta data non será posible realizar o troco de billetes e moedas de pesetas a euros.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 19/2003, do 4 de xullo, sobre réxime xurídico dos movementos de capitais e das transaccións económicas co exterior.*

Modifícase a Lei 19/2003, do 4 de xullo, sobre réxime xurídico dos movementos de capitais e das transaccións económicas co exterior, nos termos que se indican a continuación:

Un. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 7 bis.1, que queda redactado nos seguintes termos:

«Para efectos do establecido neste artigo considéranse investimentos estranxeiros directos en España todos aqueles investimentos como consecuencia dos cales o investidor pase a ter unha participación igual ou superior ao 10 por 100 do capital social da sociedade española, ou cando, como consecuencia da operación societaria, acto ou negocio xurídico, se adquira o control da dita sociedade de acordo cos criterios establecidos no artigo 7.2 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, sempre que conorra unha destas circunstancias.»

Dous. Elimínase o último parágrafo do artigo 7 bis.1.

Tres. Modifícanse o primeiro parágrafo e as letras b), c) e e) do artigo 7 bis.2 da Lei 19/2003, do 4 de xullo, coa seguinte redacción:

«2. Queda suspendido o réxime de liberalización dos investimentos estranxeiros directos en España que se realicen nos sectores que se citan a continuación e que afectan a orde pública, a seguridade pública e a saúde pública:»

(...)

«b) Tecnoloxías críticas e de dobre uso, tecnoloxías clave para o liderado e a capacitación industrial, e tecnoloxías desenvolvidas ao abeiro de programas e proxectos de particular interese para España, incluídas as telecomunicacións, a intelixencia artificial, a robótica, os semicondutores, a ciberseguridade, as tecnoloxías aeroespaciais, de defensa, de almacenamento de enerxía, cuántica e nuclear, as nanotecnoloxías, as biotecnoloxías, os materiais avanzados e os sistemas de fabricación avanzados.»

«c) Fornecemento de insumos fundamentais, en particular enerxía, entendendo por tales os que son obxecto de regulación na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, ou os referidos a servizos estratéxicos de conectividade ou a materias primas, así como á seguridade alimentaria.»

(...)

«e) Medios de comunicación, sen prexuízo de que os servizos de comunicación audiovisual nos termos definidos na Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, se rexerán polo disposto na dita lei.»

Catro. Modifícase a letra a) do artigo 7 bis.3, que pasa a estar redactada como segue:

«a) se o investidor estranxeiro está controlado directa ou indirectamente polo goberno, incluídos os organismos públicos ou as forzas armadas, dun terceiro país aplicando, para efectos de determinar a existencia do referido control, os criterios establecidos no artigo 7.2 da Lei de defensa da competencia.»

Cinco. Modifícase a letra c) do artigo 7 bis. 3, que queda redactada como segue:

«c) se existe un risco grave de que o investidor estranxeiro exerza actividades delituosas ou ilegais, que afecten a seguridade pública, orde pública ou saúde pública en España.»

Seis. Introdúcese un novo punto 6 no artigo 7 bis, coa seguinte redacción:

«6. O Goberno poderá establecer regulamentariamente as categorías de operación e os importes por debaixo dos cales as operacións de investimento directo estranxeiro quedarán exentas de someterse ao réxime de autorización previa, pola súa nula ou escasa repercusión nos bens xurídicos protexidos por este artigo. Así mesmo, poderase delimitar regulamentariamente a definición dos sectores relacionados no punto 2, para os efectos da aplicación da presente lei.

Facúltase a ministra de Industria, Comercio e Turismo para ditar as normas necesarias para a correcta execución e aplicación das disposicións de desenvolvemento que dite o Goberno en desenvolvemento e execución deste artigo.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.*

Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2020, modifícase o punto 2 do artigo 36 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Os produtores rexistrados no Rexistro Administrativo de Empresas Cinematográficas do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais que se encarguen da execución dunha produción estranxeira de longametraxes cinematográficas ou de obras audiovisuais que permitan a confección dun soporte físico previo á súa produción industrial seriada terán dereito á dedución prevista neste punto polos gastos realizados en territorio español.

A base da dedución estará constituída polos seguintes gastos realizados en territorio español directamente relacionados coa produción:

1.º Os gastos de persoal creativo, sempre que teña residencia fiscal en España ou nalgún Estado membro do Espazo Económico Europeo, co límite de 100.000 euros por persoa.

2.º Os gastos derivados da utilización de industrias técnicas e outros provedores.

O importe de dedución será:

a) Do 30 por cento respecto do primeiro millón de base da dedución e do 25 por cento sobre o exceso do dito importe.

A dedución aplicarase sempre que os gastos realizados en territorio español sexan, cando menos, de 1 millón de euros. Non obstante, no suposto de producións de animación tales gastos serán, cando menos, de 200.000 euros.

O importe desta dedución non poderá ser superior a 10 millóns de euros, por cada produción realizada.

O importe desta dedución, conxuntamente co resto de axudas percibidas pola empresa contribuínte, non poderá superar o 50 por cento do custo de produción.

b) Do 30 por cento da base da dedución, cando o produtor se encargue da execución de servizos de efectos visuais e os gastos realizados en territorio español sexan inferiores a 1 millón de euros.

O importe desta dedución non poderá superar o importe que establece o Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*.

A dedución prevista neste punto queda excluída do límite a que se refire o último parágrafo do punto 1 do artigo 39 desta lei. Para efectos do cálculo do dito límite, non se computará esta dedución.

Regulamentariamente poderanse establecer os requisitos e obrigacións para ter dereito á práctica desta dedución.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación do Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do mercado de valores.*

Un. Modifícase a letra a) do punto 1 do artigo 28 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, que queda redactada como segue:

«a) Por finalizar o período para o que foi nomeado, caso en que continuará no exercicio das súas funcións ata o nomeamento de quen houber de sucedelo»

Dous. Modifícase o punto 3 do artigo 77 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, que queda redactada como segue:

«3. Cando a capitalización das accións que estean sendo negociadas exclusivamente nun sistema multilateral de negociación supere os mil millóns de euros durante un período continuado superior a seis meses, a entidade emisora deberá solicitar a admisión a negociación nun mercado regulado no prazo de nove meses. A entidade reitora do sistema multilateral de negociación velará polo cumprimento desta obrigación.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá fixar os termos en que se eximirán da obrigación anterior as sociedades de natureza estritamente financeira ou de investimento, como as reguladas pola Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, a Lei 22/2014, do 12 de novembro, pola que se regulan as entidades de capital risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo cerrado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo cerrado e pola que se modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, ou a Lei 11/2009, do 26 de outubro, pola que se regulan as sociedades anónimas cotizadas de investimento no mercado inmobiliario.»

Disposición derradeira sétima. *Modificación do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19.*

Modifícase o Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19. O punto 2 do artigo 29 queda redactado do seguinte modo:

«2. O Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital poderá conceder avais por un importe máximo de 100.000 millóns de euros, ata o 30 de xuño de 2021. As condicións aplicables e requisitos que cumprir, incluíndo o prazo máximo para a solicitude do aval, estableceranse por acordo de Consello de Ministros, sen que se requira desenvolvemento normativo posterior para a súa aplicación.»

Disposición derradeira oitava. *Modificación do Real decreto lei 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica.*

Con efectos desde a súa entrada en vigor, o Real decreto lei 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o artigo 7, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 7. *Incremento da dedución no imposto sobre sociedades por actividades de innovación tecnolóxica de procesos de produción na cadea de valor da industria da automoción.*

1. No ámbito da dedución por actividades de innovación tecnolóxica regulada no punto 2 do artigo 35 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, e con efectos para os períodos impositivos que se inicien dentro dos anos 2020 e 2021, a porcentaxe de dedución a que se refire a letra c) do citado punto 2 incrementarase en 38 puntos porcentuais para os gastos efectuados en proxectos iniciados a partir do 25 de xuño de 2020 consistentes na realización de actividades de innovación tecnolóxica cuxo resultado sexa un avance tecnolóxico na obtención de novos procesos de produción na cadea de valor da industria da automoción ou melloras substanciais dos xa existentes.

2. Poderán aplicar este incremento aqueles contribuíntes que teñan a consideración de pequenas e medianas empresas de acordo co disposto no anexo I do Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do tratado.

No caso de contribuíntes que non teñan a consideración sinalada no parágrafo anterior, o incremento previsto no punto 1 será de 3 puntos porcentuais. Estes contribuíntes poderán aplicar a dedución sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que colaboren de maneira efectiva cunha pequena ou mediana empresa na realización das actividades obxecto desta dedución. Para estes efectos, entenderase por colaboración efectiva a colaboración entre cando menos dúas entidades non vinculadas para o intercambio de coñecementos ou tecnoloxía, ou para alcanzar un obxectivo común sobre a base da división do traballo, en que as partes implicadas definen conxuntamente o ámbito do proxecto en colaboración, contribúen á súa aplicación e comparten os seus riscos e os seus resultados; unha ou varias das partes poden soportar a totalidade dos custos do proxecto e liberar así outras partes dos seus riscos financeiros; a investigación baixo contrato e a prestación de servizos de investigación non se consideran formas de colaboración.

b) Que as pequenas e medianas empresas coas que colaboren asuman, cando menos, o 30 por cento dos gastos do proxecto que formen parte da base desta dedución.

O importe da dedución que se corresponda co incremento previsto neste artigo non poderá ser superior a 7,5 millóns de euros por cada proxecto desenvolvido polo contribuínte. Adicionalmente, o importe da citada dedución, conxuntamente co resto de axudas percibidas polo contribuínte, non poderá superar o 50 por cento do custo do proxecto que foi obxecto de subvención, ou o 15 por cento no caso de contribuíntes que non teñan a consideración de pequenas ou medianas empresas de acordo co disposto no anexo I do Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do tratado.

3. Para a aplicación do incremento previsto neste artigo:

a) Deberanse cumprir as condicións previstas no capítulo I e no artigo 29, excepto no relativo á base da dedución, do Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do tratado.

b) Será necesario que a entidade obtivese un informe motivado sobre a cualificación da actividade como innovación tecnolóxica cuxo resultado sexa un avance tecnolóxico na obtención de novos procesos ou melloras substanciais dos xa existentes, nos termos establecidos na letra a) do punto 4 do artigo 35 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.»

Dous. Modifícase a disposición derradeira cuarta, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, sobre liberdade de amortización en investimentos realizados na cadea de valor de mobilidade eléctrica, sustentable ou conectada.*

Con efectos para os investimentos realizados nos períodos impositivos que conclúan entre o 2 de abril de 2020 e o 30 de xuño de 2021, introdúcese unha nova disposición adicional décimo sexta na Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo sexta. *Liberdade de amortización en investimentos realizados na cadea de valor de mobilidade eléctrica, sustentable ou conectada.*

1. Os investimentos en elementos novos do inmovilizado material que impliquen a sensorización e monitorización da cadea produtiva, así como a implantación de sistemas de fabricación baseados en plataformas modulares ou que reduzan o impacto ambiental, afectos ao sector industrial de automoción, postos á disposición do contribuínte e que entren en funcionamento entre o 2 de abril de 2020 e o 30 de xuño de 2021, poderán ser amortizados libremente nos períodos impositivos que conclúan entre o 2 de abril de 2020 e o 30 de xuño de 2021 sempre que, durante os 24 meses seguintes á data de inicio do período impositivo en que os elementos adquiridos entren en funcionamento, o cadro de persoal medio total da entidade se manteña respecto do cadro de persoal medio do ano 2019.

Os inmoables non poderán acollerse á liberdade de amortización regulada nesta disposición.

A contía do investimento que poderá beneficiarse do réxime de liberdade de amortización será como máximo de 500.000 euros.

Para o cálculo do cadro de persoal medio total da entidade tomaranse as persoas empregadas, nos termos que dispoña a lexislación laboral, tendo en conta a xornada contratada en relación coa xornada completa.

2. Para a aplicación da liberdade de amortización regulada nesta disposición, os contribuíntes deberán achegar informe motivado emitido polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para cualificar o investimento do contribuínte como apto. O dito informe terá carácter vinculante para a Administración tributaria.

O informe deberá ser solicitado polo contribuínte dentro dos dous meses seguintes á entrada en funcionamento do elemento e será emitido polo órgano competente nun prazo máximo de dous meses desde a recepción da solicitude. En todo caso, para os investimentos en elementos que entrasen en funcionamento desde o 2 de abril ata o 18 de novembro de 2020, o dito informe poderase solicitar ata o 18 de xaneiro de 2021.

O procedemento de emisión por parte do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo dos informes motivados a que se refire este punto regularase, no que lle

resulte de aplicación e non se opoña ao establecido nesta disposición, polo disposto no Real decreto 1432/2003, do 21 de novembro, polo que se regula a emisión polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía de informes motivados relativos ao cumprimento de requisitos científicos e tecnolóxicos, para efectos da aplicación e interpretación de deducións fiscais por actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica.

Se no momento de presentar a declaración do imposto sobre sociedades non emitise o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo o informe a que se refire este punto por causa non imputable ao contribuínte, este poderá aplicar, con carácter provisional, a liberdade de amortización prevista nesta disposición sempre que solicitase o dito informe dentro do prazo de solicitude anteriormente indicado. No caso de que o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo non considere apto o investimento, o contribuínte deberá ingresar, xunto coa cota correspondente ao período impositivo en que se notifique o dito informe, o importe da cota íntegra que correspondería á cantidade deducida en exceso máis os xuros de demora correspondentes.

3. No suposto de que se incumprise a obrigaón de mantemento do cadro de persoal nos termos establecidos no punto 1 desta disposición, deberase a ingresar a cota íntegra que correspondería á cantidade deducida en exceso máis os xuros de demora correspondentes. O ingreso da cota íntegra e dos xuros de demora realizarase conxuntamente coa autoliquidación correspondente ao período impositivo en que se incumprise a obrigaón.

4. As entidades a que, de acordo co establecido no artigo 101 desta lei, lles sexan de aplicación os incentivos fiscais para as empresas de reducida dimensión previstos no capítulo XI do título VII desta lei poderán optar entre aplicar o réxime de liberdade de amortización previsto no artigo 102 desta lei ou aplicar o réxime de liberdade de amortización regulado nesta disposición.

5. Esta medida acóllese ao Marco nacional temporal relativo ás medidas de axuda destinadas a apoiar a economía no contexto do actual gromo de COVID-19, tras as decisións da Comisión Europea SA.56851 (2020/N), do 2 de abril de 2020, SA.57019 (2020/N), do 24 de abril de 2020, e SA.58778 (2020/N), do 22 de outubro de 2020.»»

Disposición derradeira novena. *Modificación do Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo, de medidas urxentes para apoiar a reactivación económica e o emprego.*

Modifícase o Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo, de medidas urxentes para apoiar a reactivación económica e o emprego, da seguinte maneira:

Un. O punto 1 do artigo 1 queda redactado do seguinte modo:

«1. Co fin de fomentar a recuperación económica do país, o Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital outorgará avais ao financiamento concedido por entidades financeiras supervisadas a empresas e autónomos para atender, principalmente, as súas necesidades financeiras derivadas da realización de novos investimentos. Tamén se poderán destinar os avais a obrigas de pagamento incorporadas ao mercado alternativo de renda fixa (MARF).»

Dous. O punto 2 do artigo 1 queda redactado do seguinte modo:

«2. O Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital poderá conceder avais por un importe máximo de 40.000 millóns de euros, ata o 30 de xuño de 2021. As condicións aplicables e requisitos que se deberán cumprir, incluíndo o prazo máximo para a solicitude do aval, estableceranse mediante acordo de Consello de Ministros, sen que se requira desenvolvemento normativo posterior para a súa aplicación.»

Disposición derradeira décima. *Modificación da Lei 3/2020, do 18 de setembro, de medidas procesuais e organizativas para facer fronte á COVID-19 no ámbito da Administración de xustiza.*

Un. Modifícase o punto 2, engádense dous novos puntos 3 e 4, e renumérase o punto 3, que pasa a ser o punto 5, do artigo 3 da Lei 3/2020, do 18 de setembro, de medidas procesuais e organizativas para facer fronte á COVID-19 no ámbito da Administración de xustiza, que pasa a ter a seguinte redacción:

«2. O xuíz dará traslado ao concursado de cantas solicitudes de declaración do incumprimento do convenio presenten os acredores ata o 31 de outubro de 2020, pero non as admitirá a trámite ata que transcorran tres meses contados desde a dita data. Durante eses tres meses o concursado poderá presentar proposta de modificación do convenio, que se tramitará con prioridade á solicitude de declaración de incumprimento.

3. Así mesmo, o xuíz dará traslado ao concursado de cantas solicitudes de declaración do incumprimento do convenio presenten os acredores entre o 31 de outubro de 2020 e 31 de xaneiro de 2021, pero non as admitirá a trámite ata que transcorran tres meses contados desde a última data indicada. Durante eses tres meses o concursado poderá presentar proposta de modificación do convenio, que se tramitará con prioridade á solicitude de declaración de incumprimento.

4. No suposto de que, entre o 31 de outubro de 2020 e a entrada en vigor do presente real decreto lei, os acredores presentasen solicitudes de declaración de incumprimento do convenio e estas fosen admitidas a trámite, suspenderase a tramitación do procedemento, por un prazo de tres meses contado desde a data de suspensión. Se durante eses tres meses o concursado presentase unha proposta de modificación do convenio, o xuíz archivará o procedemento de solicitude de incumprimento admitido a trámite e tramitará con prioridade a proposta de modificación do convenio.»

Dous. Modifícase o punto 2 e engádese un novo parágrafo no artigo 5, que pasa a ter a seguinte redacción:

«2. O xuíz dará traslado ao debedor de cantas solicitudes de declaración de incumprimento do acordo de refinanciamento presenten os acredores ata o 31 de outubro de 2020, pero non as admitirá a trámite ata que transcorra un mes contado da dita data. Durante ese mes o debedor poderá poñer en coñecemento do xulgado competente para a declaración de concurso que iniciou ou pretende iniciar negociacións con acredores para modificar o acordo que tivese en vigor homologado ou para alcanzar outro novo, aínda que non transcorrese un ano desde a anterior solicitude de homologación. Se dentro dos tres meses seguintes á comunicación ao xulgado o debedor non alcanzase un acordo de modificación do que tivese en vigor ou outro novo, o xuíz admitirá a trámite as solicitudes de declaración de incumprimento presentadas polos acredores.

Así mesmo, o xuíz dará traslado ao debedor de cantas solicitudes de declaración de incumprimento do acordo de refinanciamento presenten os acredores entre o 31 de outubro de 2020 e o 31 de xaneiro de 2021, pero non as admitirá a trámite ata que transcorra un mes contado desde a última data indicada. Durante ese mes o debedor poderá poñer en coñecemento do xulgado competente, para a declaración de concurso, que iniciou ou pretende iniciar negociacións con acredores para modificar o acordo que tivese en vigor homologado ou para alcanzar outro novo, aínda que non transcorrese un ano desde a anterior solicitude de homologación. Se, dentro dos tres meses seguintes á comunicación ao xulgado, o debedor non alcanzase un acordo de modificación do que tivese en vigor ou outro novo, o xuíz admitirá a trámite as solicitudes de declaración de incumprimento presentadas polos acredores.»

Tres. Modifícanse os puntos 1 e 2 do artigo 6, que pasan a ter a seguinte redacción:

«Artigo 6. *Réxime especial da solicitude de declaración do concurso de acredores.*

1. Ata o 14 marzo de 2021, inclusive, o debedor que se encontre en estado de insolvencia non terá o deber de solicitar a declaración de concurso, comunicase ou non ao xulgado competente a apertura de negociacións cos acredores para alcanzar un acordo de refinanciamento, un acordo extraxudicial de pagamentos ou adhesións a unha proposta anticipada de convenio.

2. Ata o 14 de marzo de 2021, inclusive, os xuíces non admitirán a trámite as solicitudes de concurso necesario que se presentasen desde o 14 de marzo de 2020. Se ata o 14 de marzo de 2021, inclusive, o debedor presentase solicitude de concurso voluntario, esta admitirase a trámite con preferencia, aínda que fose de data posterior á solicitude de concurso necesario.»

Disposición derradeira décimo primeira. *Títulos competencias.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a, 6.^a, 8.^a, 10.^a, 11.^a, 13.^a, 14.^a, 23.^a e 25.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais; a lexislación mercantil, procesual e civil; o réxime aduaneiro e arancelario; comercio exterior; bases da ordenación do crédito, banca e seguros; bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica; facenda xeral; lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección, e de bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Disposición derradeira décimo segunda. *Incorporación de normas do dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto lei complétase a incorporación ao ordenamento xurídico español da Directiva 2019/692 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de abril de 2019, pola que se modifica a Directiva 2009/73/CE sobre normas comúns para o mercado interior de gas natural.

Disposición derradeira décimo terceira. *Desenvolvemento regulamentario e habilitación normativa.*

Habílitate o Goberno para aprobar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento, aplicación e execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira décimo cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo o disposto no artigo 6.

Dado en Madrid o 17 de novembro de 2020.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN

ANEXO

Relación de bens a que se refire o artigo 6

	Nome do produto	Descrición do ben/produto	Código NC
1	Produtos sanitarios.	Respiradores para cuidados intensivos e subintensivos.	ex 9019 20 00
		Ventiladores (aparells para a respiración artificial) Divisores de fluxo.	ex 9019 20 00 ex 9019 20
		Outros aparellos de oxigenoterapia, incluídas as tendas de oxíxeno.	ex 9019 20 00
		Oxigenación por membrana extracorpórea.	ex 9019 20 00
2	Monitores.	Monitores multiparámetro, incluíndo versións portátiles.	ex 8528 52 91
			ex 8528 52 99
			ex 8528 59 00
			ex 8528 52 10
3	Bombas.	<ul style="list-style-type: none"> – Bombas peristálticas para nutrición externa – Bombas infusión medicamentos – Bombas de succión. 	ex 9018 90 50
			ex 9018 90 84
			ex 8413 81 00
		Sondas de aspiración.	ex 9018 90 50
4	Tubos.	Tubos endotraqueais;	ex 9018 90 60
		Tubos estériles.	ex 9019 20 00
5	Cascos.	Cascos ventilación mecánica non invasiva CPAP/NIV;	ex 3917 21 10
			a ex 3917 39 00
6	Máscaras para ventilación non invasiva (NIV).	Máscaras de rostro completo e oronasais para ventilación non invasiva.	ex 9019 20 00
7	Sistemas/máquinas de succión.	Sistemas de succión.	ex 9019 20 00
		Máquinas de succión eléctrica.	ex 9019 20 00 ex 8543 70 90
8	Humidificadores.	Humidificadores.	ex 8415
			ex 8509 80 00
			ex 8479 89 97
9	Laringoscopios.	Laringoscopios.	ex 9018 90 20
10	Fornecementos médicos funxibles.	<ul style="list-style-type: none"> – Kits de intubación – Tesoiras laparoscópicas. 	ex 9018 90
		Xiringas, con ou sen agulla.	ex 9018 31
		Agullas metálicas tubulares e agullas para suturas.	ex 9018 32
		Agullas, catéteres, cánulas.	ex 9018 39
		Kits de acceso vascular.	ex 9018 90 84
11	Estacións de monitorización aparellos de monitorización de pacientes-aparellos de electrodiagnóstico.	Estacións centrais de monitorización para cuidados intensivos Oxímetros de pulso.	ex 9018 90 ex 9018 19
		<ul style="list-style-type: none"> – Dispositivos de monitorización de pacientes – Aparells de electrodiagnóstico. 	ex 9018 19 10 ex 9018 19 90

	Nome do produto	Descrición do ben/produto	Código NC
12	Escáner de ultrason portátil.	Escáner de ultrason portátil.	ex 9018 12 00
13	Electrocardiógrafos.	Electrocardiógrafos.	ex 9018 11 00
14	Sistemas de tomografía informatizada/escáneres.	Sistemas de tomografía informatizada.	ex 9022 12, ex 9022 14 00
15	Máscaras.	– Máscaras faciais téxtiles, sen filtro substituíble nin pezas mecánicas, incluídas as máscaras cirúrxicas e as máscaras faciais dun só uso fabricadas con material téxtil non tecido. – Máscaras faciais FFP2 e FFP3.	ex 6307 90 10 ex 6307 90 98
		Máscaras cirúrxicas de papel.	ex 4818 90 10 ex 4818 90 90
		Máscaras de gas con pezas mecánicas ou filtros substituíbles para a protección contra axentes biolóxicos. Tamén inclúe máscaras que incorporen protección ocular ou escudos faciais.	ex 9020 00 00
16	Luvas.	Luvas de plástico.	ex 3926 20 00
		Luvas de goma cirúrxicas.	4015 11 00
		Outras luvas de goma.	ex 4015 19 00
		Luvas de punto impregnadas ou cubertas de plástico ou goma.	ex 6116 10
		Luvas téxtiles distintas ás de punto.	ex 6216 00
17	Proteccións faciais.	– Protectores faciais dun só uso e reutilizables – Protectores faciais de plástico (que cubran unha superficie maior que a ocular).	ex 3926 20 00 ex 3926 90 97
18	Lentes.	Lentes de protección grandes e pequenos (googles).	ex 9004 90 10 ex 9004 90 90
19	Monos Batas impermeables –diversos tipos– diferentes tamaños Roupa de protección para uso cirúrxico/médico de feltro ou tea sen tecer, incluso impregnadas, recubertas, revestidas ou laminadas (tecidos das partidas 56.02 ou 56.03).	Roupa (incluídos luvas, mitóns e manoplas) multiúso, de goma vulcanizada.	ex 4015 90 00
		Pezas de roupa.	ex 3926 20 00
		Roupa e accesorios.	ex 4818 50 00
		Roupa confeccionada con tecido de punto das partidas 5903, 5906 ou 5907.	ex 6113 00 10 ex 6113 00 90
		Outra roupa con tecido de punto	6114
		Roupa de protección para uso cirúrxico/médico feitas con feltro ou tea sen tecer, impregnadas ou non, recubertas, revestidas ou laminadas (tecidos das partidas 56.02 ou 56.03). Inclúe a roupa de materiais non tecidos (« <i>spun-bonded</i> »).	ex 6210 10
		Outra roupa de protección feita con tecidos cauchutados ou impregnados, recubertos, revestidos ou laminados (tecidos das partidas 59.03, 59.06 ou 59.07)-.	ex 6210 20 ex 6210 30 ex 6210 40 ex 6210 50
20	Cobertores de calzado/calzas.	Cobertores de calzado/calzas.	ex 3926 90 97
			ex 4818 90
			ex 6307 90 98

	Nome do produto	Descrición do ben/produto	Código NC
21	Gorros.	Gorras de picos.	ex 6505 00 30
		Gorros e outras proteccións para a cabeza e redes de cabelo de calquera material.	ex 6505 00 90
		Os restantes gorros e proteccións para a cabeza, forrados/axustados ou non.	ex 6506
22	Termómetros.	Termómetros de líquido para lectura directa.	ex 9025 11 20
		Termómetros dixitais, ou termómetros infravermellos para medición sobre a fronte.	ex 9025 19 00
23	Xabón para o lavado de mans.	Xabón e produtos orgánicos tensioactivos e preparados para o lavado de mans (xabón de toucador).	ex 3401 11 00 ex 3401 19 00
		Xabón e produtos orgánicos tensioactivos Xabón noutras formas.	ex 3401 20 10 ex 3401 20 90
		Axentes orgánicos tensioactivos (distintos do xabón)-catiónicos.	ex 3402 12
		Produtos e preparacións orgánicos tensioactivos para o lavado da pel, en forma de líquido ou crema e preparados para a venda ao retalho, que conteñan xabón ou non.	ex 3401 30 00
24	Dispensadores de desinfectante para mans instalables en parede.	Dispensadores de desinfectante para mans instalables en parede.	ex 8479 89 97
25	Solución hidroalcohólica en litros.	2207 10: sen desnaturalizar, con vol. alcohol etílico do 80% ou máis.	ex 2207 10 00
		2207 20: desnaturalizado, de calquera concentración.	ex 2207 20 00
		2208 90: sen desnaturalizar, con vol. inferior ao 80% de alcohol etílico.	ex 2208 90 91 ex 2208 90 99
26	Peróxido de hidróxeno ao 3% en litros. Peróxido de hidróxeno incorporado a preparados desinfectantes para a limpeza de superficies.	Peróxido de hidróxeno, solidificado ou non con urea.	ex 2847 00 00
		Peróxido de hidróxeno a granel.	
		Desinfectante para mans.	ex 3808 94
		Outros preparados desinfectantes.	
27	Transportíns de emerxencia.	Transporte para persoas con discapacidade (cadeiras de rodas).	ex 8713
		Padiolas e carriños para o traslado de pacientes dentro dos hospitais ou clínicas.	ex 9402 90 00
28	Extractores ARN.	Extractores ARN.	9027 80
29	Kits de probas para a COVID-19 / Instrumental e aparellos utilizados nas probas diagnósticas.	– Kits de proba diagnóstica do coronavirus – Reactivos de diagnóstico baseados en reaccións inmunolóxicas – Equipamento de hisopos e medio de transporte viral.	ex 3002 13 00 ex 3002 14 00 ex 3002 15 00 ex 3002 90 90 ex 3821 00
		Reactivos de diagnóstico baseados na reacción en cadea da polimerasa (PCR) proba do ácido nucleico.	ex 3822 00 00
		Instrumental utilizado nos laboratorios clínicos para o diagnóstico <i>in vitro</i> .	ex 9027 80 80
		Kits para mostras.	ex 9018 90 ex 9027 80
30	Hisopos.	Guata, gasa, vendas, pauños de algodón e artigos similares.	ex 3005 90 10 ex 3005 90 99

	Nome do produto	Descrición do ben/produto	Código NC
31	Material para a instalación de hospitais de campaña.	Camas hospitalarias.	ex 9402 90 00
		Carpas/tendas de campaña.	ex 6306 22 00, ex 6306 29 00
		Carpas/tendas de campaña de plástico.	ex 3926 90 97
32	Medicinas.	– Remdesivir – Dexametasona.	ex 2934 99 90 ex 2937 22 00 ex 3003 39 00 ex 3003 90 00 ex 3004 32 00 ex 3004 90 00
33	Esterilizadores médicos, cirúrxicos ou de laboratorio.	Esterilizadores médicos, cirúrxicos ou de laboratorio.	ex 8419 20 00 ex 8419 90 15
34	1- propanol (alcohol propílico) e 2 - propanol (alcohol isopropílico).	1- propanol (alcohol propílico) e 2 – propanol (alcohol isopropílico).	ex 2905 12 00
35	Éteres, éteres-alcohois, éteres fenois, éteres-alcohol-fenois, peróxidos de alcohol, outros peróxidos, peróxidos de cetona.	Éteres, éteres-alcohois, éteres fenois, éteres-alcohol-fenois, peróxidos de alcohol, outros peróxidos, peróxidos de cetona.	ex 2909
36	Ácido fórmico.	Ácido fórmico (e sales derivados).	ex 2915 11 00 ex 2915 12 00
37	Ácido salicílico.	Ácido salicílico e sales derivados.	ex 2918 21 00
38	Panos dun só uso feitos de tecidos da partida 5603, do tipo utilizado durante os procedementos cirúrxicos.	Panos dun só uso feitos de tecidos da partida 5603, do tipo utilizado durante os procedementos cirúrxicos.	6307 90 92
39	Teas non tecidas, estean ou non impregnadas, recubertas, revestidas ou laminadas.	Teas non tecidas, estean ou non impregnadas, recubertas, revestidas ou laminadas.	ex 5603 11 10 a
			ex 5603 94 90
40	Artigos de uso cirúrxico, médico ou hixiénico, non destinados á venda ao retallo.	Cobertores de cama de papel.	ex 4818 90
41	Cristalaría de laboratorio, hixiénica ou farmacéutica.	Cristalaría de laboratorio, hixiénica ou farmacéutica, tanto se está calibrada ou graduada como se non.	ex 7017 10 00
			ex 7017 20 00
			ex 7017 90 00
42	Fluxímetro, fluxómetro de tubo Thorpe para subministrar oxíxeno 0-15 l/min.	O fluxómetro de tubo Thorpe está composto de portos de entrada e saída, un regulador, unha válvula e un tubo de medición cónico transparente. Serve para conectalo con varias fontes de gases médicos, como un sistema centralizado, cilindros (bombonas), concentradores ou compresores. Versións de fluxímetro (fluxómetro) ordinario (absoluto, non compensado) e de presión compensada, adecuadas para rangos de fluxo específicos.	ex 9026 80 20 ex 9026 80 80 ex 9026 10 21 ex 9026 10 81
43	Detector de CO ₂ colorimétrico de espiración.	Tamaño compatible co tubo endotraqueal de nenos e adulto. Dun só uso.	ex 9027 80
44	Película ou placas de raios X.	Plana sensibilizada e sen impresionar.	ex 3701 10 00
		En rolos Sensibilizada e sen impresionar.	ex 3702 10 00